



anda!na

68

revista galega de pensamento feminista
2017 prezo: 10 euros

- 3 Editorial**
- 5 Denuncias e comentarios**
- 11 Carme Alvariño. Baixo o signo de Olimpia**
María Lopo
- 12 Resumo do Informe 2016-2017 de Amnistía Internacional en relación á situación das mulleres**
Felicia Estévez Salazar
- 17 A propósito da xestación por substitución**
Paloma Uría Ríos e Fina Jiménez Betancor
- 19 Retóricas ao redor da xestación subrogada**
Ana Luísa Bouza Santiago
- 22 As mulleres desde a empresa: a presenza da muller en ámbitos tradicionalmente masculinizados**
Natividad Paramá Ferreiro
- [ENTREVISTAS] **28 Marta Álvarez e Braulio Vilariño, membros da Asociación Agrocuir**
Laura Gómez Lorenzo e Nanina Santos Castroviejo
- 34 Quando descubri que era (e sou) uma orquídea num campo de rosas**
Ana Souto Villanustre
- 38 Xohana Torres, relatora das voces das mulleres**
Marilar Aleixandre
- [ENTREVISTAS] **41 Rosa María Lojo**
Patricia Arias Chachero
- 47 María Casares. Unha andaina vital**
María Lopo
- 50 Era necesaria Tea Stilton?**
María Araújo Pires e Patricia Arias Chachero
- 52 «O corte», de Maryam Sheikh Abdi**
Tradución de Felicia Estévez

Revista Galega de Pensamento Feminista
Ano 2017
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción
Nadia Álvarez Fernández
María Araújo Pires
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Ana Luísa Bouza Santiago
Zélia Garcia
Laura Gómez Lorenzo
M.^a Teresa Gómez Louzao
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número
María Lopo
Felicia Estévez Salazar
Paloma Uría Ríos
Fina Jiménez Betancor
Ana Luísa Bouza Santiago
Laura Gómez Lorenzo
Nanina Santos Castroviejo
Ana Souto Villanustre
Marilar Aleixandre
María Araújo Pires
Patricia Arias Chachero
Natividad Paramá Ferreiro

Deseño gráfico: uqui.net
Imprime: **Grafisant, S.L.**
D.L.: C-1.146-88

EDITORIAL

"La manada" gu gara

San Ferminetako epaketaren gehiegikeria judicialen kontrako kontzentra

Azaroak 18 -18tan
Irungo Epaitegian



Cando buscamos a palabra violar no dicionario, a primeira acepción que atopamos é a de «infrinxir unha lei, un tratado, un precepto ou unha promesa». Só na segunda das entradas encontramos o de «ter acceso carnal con alguén en contra da súa vontade ou cando se atopa privado do sentido de discernimento». O dicionario da Real Academia Española, firme reflexo da sociedade machista en que vivimos, non entende que a maior parte da poboación cando escoita o termo non pensa en Bárcenas, Esperanza Aguirre, Rodrigo Rato, Ana Mato, Francisco Correa e o consabido e longo etcétera. Non, señores! O que se nos vén á cabeza a todas as persoas sensatas é a terrible imaxe dunha muller vítima dunha agresión sexual.

Ao peche deste número, inda non sabemos se os cinco membros da chamada «Manada», van recibir ou non o castigo que se merecen —e que non nos pregunten a nós que consideraríamos xusto—. Agardamos unha sentenza exemplar, un castigo duro, moi duro, o máis duro...

Estamos cheas de escoitar esas noticias, de que se pixelen as imaxes dos violadores, de que se argumente que a vítima fixo vida «normal» despois

do que lle pasou, que se *stalkeen* as súas redes sociais e se analice como de apertadas levaba as camisetas antes e despois da agresión. Alguén fotografou a cremalleira do pantalón dos violadores e argumentou que o tamaño do seu paquete implicaba abertamente que eran uns tarados que non distinguían o NON do SI? Publicáronse as entradas do Facebook dos animais eses comentando as vitorias deportivas da última fin de semana? Nunha das declaracións tentan defenderse dicindo que non teñen antecedentes, que teñen traballo, que son «persoas normais» e que a pederastia e a violación son o peor do mundo... Xustificanse afirmando que durante todo o camiño ela só falaba de sexo. Nun grupo de Whatsapp un mesmo presume abertamente de ter violado a unha moza entre cinco, de ter un vídeo e de que grazas a iso a viaxe foi unha auténtica pasada. Como alguén pode alardear e sentirse orgulloso de semellante atrocidade!?

Cando lle reprochan que leva unha vida normal, parece un intento de quitarlle culpa aos agresores. A súa conducta, os seus costumes, a súa vida privada son totalmente irrelevantes no caso. É que non pode

levar unha vida normal despois da agresión porque ten que aparentala? O problema e o máis preocupante é cando os medios públicos apoian isto e poñen en dúbida o sufrido pola moza. En que sociedade vivimos se unha xuíza ten dereito a preguntarlle a unha muller violada «se pechou ben as pernas»? Acaso a unha persoa á quen atracaron lle preguntan se agarrou ben, por exemplo, os cartos? Por que tanta insistencia en ridiculizar á vítima?

É que alguén pode tomar en serio a unha panda de cinco imbéciles que chegaron a afirmar que eles «intúen cando unha muller quere ou non»? Valentes desvergoñados que contratan a dúas detectives para que a sigan e a controlen despois do que pasou. A vida «normal»!, que «vida normal»? Que entenden por normalidade? Xuntarse nunha festa, pola noite, rodear a unha moza a quen non coñecen e que está soa na rúa, para levala pola cidade mentres buscan algún lugar onde manter sexo forzado en grupo con ela? O normal é que se graven e difundan agresións sexuais?

A nós o que non nos parece normal é que se cuestione se foi ou non foi unha violación. Se a moza consentiu ou non consentiu. Se xemeu



Viñeta de Modernadepueblo, ¿Por qué la violaron?

ou non o fixo... Atopárona nun banco, soa, pola noite e sen móbil, acababan de violala cinco individuos, estaba en estado de *shock* e abertamente afirmou que fora vítima dunha violación. Por se fose pouco, existen gravacións en vídeo do sucedido nas que queda claro que ela non goza do encontro. E que non é iso suficiente? Que cómpre logo para que unha violación sexa unha violación?

No primeiro número de *Andaina*, alá polo ano 1983, entrevistabamos a unha muller que fora vítima dunha agresión sexual. As fotos do seu corpo espido e cheo de mazaduras arrepiaban á lectora antes de puidese sequera comezar a ler a testemuña. Que pouco sen nos antolla que temos avanzado desde entón! A sociedade segue debatendo se provocamos ou non aos homes, que retrógrado soa, que se estaba calada era porque non lle desgustaba, que se non empregou o adverbio NON quería dicir que si, que se ía moi bebida e andaba soa un día de festa... O mundo ao revés!

Non é noxento que esteas un ano agardando por un xuízo por violación e que cando este chega, teñas

que ver os vídeos da agresión? Cantas probas máis son necesarias para que deixen de dicir «presunta» violación?

Que teñamos leis garantistas está moi ben. Que exista, tamén para os delitos de violación, a presunción de inocencia, está ben. Porén, nesta sociedade na que o machismo se incrusta por todos os poros, na que os xuíces, a maioría dos xuíces, non escapan disto é preciso que a liberdade e a integridade das mulleres se respecten, defendan e promovan e que se castigue social e penalmente a violación e toda a ideoloxía que a sustenta.


Eles, os machistas agresores e violadores, non teñen carga ningunha, pero ela ten moitas sospeitas e acusacións enriba, co deber de demostrar que é inocente, porque pese a todas as probas que hai non son suficientes. Pero claro!!! Se non queres ser violada, non debes vestir provocando, non debes ir soa pola rúa de noite, non debes beber, non debes estar sentada nun banco sen a compañía dun home, non debes falar con descoñecidos, porque se algo disto ocorre, automaticamente estarás provocando... A culpa sempre será túa.

Estamos furiosas. Estamos fartas. Non aturamos máis a situación. Desde *Andaina* sumámonos ao berro colectivo: «Nosotras si te creemos», «No estás sola, hermana, aquí está tu manada»... gritaron milleiros de persoas enfronte do edificio onde se xulgaba... AOS VIOLADORES? A quen xulga boa parte da sociedade española? Entende todo o mundo que as mulleres non somos un deporte para que a xente faga apostas en Twitter sobre se foi unha violación ou foi sexo consentido?

Sentimos moita pena e moita rabia, sabendo que en tantas ocasións a aplicación da lei non protexe ás mulleres agredidas, que as ridiculiza e minimiza o que sofren, que non as respecta e que non distingue o que é a violencia machista. Pasa o tempo e precisamos sentenzas xustas, que respecten á muller, que sexan exemplares e que lle comecen a demostrar a certos sectores da sociedade que cómpre procurar unha sociedade xusta. Desde xaneiro deste ano van 59 mulleres asasinadas, vítimas da violencia machista, as estatísticas demostran que o salario bruto das mulleres é 400 euros menor que o dos homes, que o número de nós que gañan menos de 1000 euros ao mes duplica ao dos varóns, que asumimos os traballos máis precarios e os menos cualificados, que as nosas carreiras laborais son máis curtas e, en consecuencia, as nosas pensións máis baixas, que a asimetría no coitado das persoas dependentes e nas tarefas do fogar existe, que o acoso sexual e as agresións ás mulleres son unha monstruosidade...

Que os homes violadores e asasinados, que non son quen de respectar a liberdade da muller, deben saber que a orde dos factores si que altera o produto. E... en circunstancias así, como di a consigna: *En caso de dúbida, eu a viúva.* ■

denuncias e comentarios



Uvas e granito (*Grapes and granite*) é o libro que Nina Epton (1913-2010) escribiu sobre Galicia. Editado en Londres en 1956 e traducido ao galego polos irmáns Fernández del Riego, publicouse co título que encabeza este comentario, na editorial Ir Indo, no ano 1993.

Londinense mestiza —de nai española e pai escocés—, a autora educouse en Francia e interesouse por moi diversas cousas, ademais da literatura. Viaxou moito e aproveitou as súas viaxes para coñecer culturas, xentes e xeitos de entender a vida diferentes.

Unha das súas viaxes foi a Galicia no ano 1953. Forma parte desas viaxeiras que deixaron pegada do que os seus ollos e intelixencia viron e percibiron: paisaxes, lendas, festas, relacións sociais e modos de vida, relatados dun xeito moi interesante. ■

Xornadas, coloquios, faladoiros, festas, *performances*, exposicións, cursos... achegaron feminismo ás vilas e cidades galegas entre outubro e novembro. Aí están a «Feira Feminista de Outono, Xénero, Deporte e Mocidade»; «Feminismo, patriarcado e minorías»; «Noite de meigas»; «Análises e propostas ante a discriminación na linguaxe»; «Igualdade e prevención de violencia de xénero»; «Muller inmigrante, lingua e sociedade»; «Teoría *queer* e educación»; «Inauguración da Casa de Mulleres Xohana Torres»; «Claves para a comunicación oral desde a perspectiva de xénero»; «Mulleres empoderadas»...

Mostra, todas elas, do interese que suscita a cuestión e da vitalidade dos grupos organizadores, sexan colectivos feministas, departamentos de universidades ou outras institucións. ■

España ocupaba o posto 58 no ránking do World Economic Forum sobre a independencia xudicial. Isto antes de novembro 2017. ■

O metro da capital sueca, o *tunnelbana*, considérase a galería de arte máis longa do mundo. Con arte exposta de xeito permanente en 90 das 100 estacións —rede de 100 quilómetros de túneles—. A exposición permanente, desde hai décadas, trata temas como os dereitos das mulleres, a integración ou a deforestación.


Desde finais de setembro, unha nova exposición tocou óso. Grazas a ela, as persoas usuarias do metro puxéronse a debater, non sei se con paixón, sobre o papel da arte, sobre que é arte, e se as estacións son lugares acaídos para romper tabús.

A serie de debuxos ampliados e feitos con rotulador da artista gráfica Liv Strömquist, na estación de Slussen, *O xardín nocturno* amosa paxaros, gatos, árbores, homes espidos e mulleres coas pernas sen depilar e sangue menstrual.

Aí o tabú: o sangue menstrual que debe permanecer oculto, talvez porque segue dando noxo, arrepío, medo, vergoña. Por que, senón, este tumulto? ■



A patinadora sobre xeo, co subtítulo: *Todo vai ben (só estou sangrando)*



Mulleres na ciencia: 50 intrépidas pioneiras que cambiaron o mundo (*Women in Science...*) é un dos últimos álbums de Rachel Ignatofsky, deseñadora gráfica e ilustradora. Rende homenaxe a seis científicas: a paleontóloga Mary Anning (1799-1847), a química e cristalógrafa Rosalind Franklin (1920-1958), a enxeñeira e cosmonauta Valentina Tereshkova (1937), a oftalmóloga e inventora Patricia Bath (1942), a primatóloga Jane Goodall (1934) e a física e química Marie Curie (1867-1934). A intención da autora con esta serie de debuxos é celebrar os logros destas científicas e espertar a curiosidade en mulleres novas para que se fagan preguntas sobre o mundo en que vivimos e tenten encontrar respostas. Ás primeiras ilustradas vanse unindo máis: a informática Grace Hopper (1906-1992), a bióloga Rachel Carson (1907-1964), a inventora Hedy Lamarr (1914-2000)... ■

A **discriminación salarial** das mulleres segue dando que falar e inda terá que seguir agardando douscentos anos (Foro Económico Mundial) ou setenta anos (Organización Internacional do Traballo) para conseguir que elas cobren coma eles polos mesmos traballos. E todos tan contentos, falando da igualdade, da non discriminación, do moito que se aplican autoridades, empresarios e demais para lograr ese obxectivo! Hoxe, en España, calcúlase unha brecha do 23 %, un indicador solemne de a que chamamos igualdade! ■

Tribunal de Mulleres contra a Violencia Machista

As feministas da plataforma 7-N organizaron un «Tribunal de Mujeres» no Congreso dos Deputados. Nel simuláron un xuízo contra crimes machistas que se saldaron con «impunidade» e «falta de xustiza». Xulgaron, entre outros casos, o de Juana Rivas e o das agresións sexuais nos Sanfermíns.

«Trátase dun evento público, de carácter simbólico e educativo», explicou a organización. O acto foi inaugurado pola presidenta da Comisión de Igualdade do Congreso dos Deputados, Carmen Quintanilla, e desenvolveuse na Sala Clara Campoamor da Cámara Baixa.

Vinte e nove anos atrás, o sábado 5 de marzo de 1988, o Movemento Feminista Galego xulgaba, nun Tribunal de Mulleres, dez casos reais. Elena Goyanes daba conta do sucedido, o domingo 6 de marzo en *El Correo Gallego*, nun artigo titulado «Tribunais de xustiza desexada». Nel di que: «O máis cru do vivido no Auditorio onte [...] A realidade é que foron dez (10) casos comprobables nos arquivos das asociacións feministas, contados desde un tremendo "eu", entrecortado que subiu a un escenario para falar de algo que, cada noite e cada día, noite tras noite e día tras día, se está tentando esquecer».

Chantaxes e abusos sexuais nos lugares de traballo (fábricas de conserva, comercios...), agresións na rúa (tocamentos e violación), malleiras e malos tratos domésticos (de parte do propio marido), agresións ás lesbianas... Foron seguidos por un auditorio repleto de mulleres de todas as idades. Logo de escoitar os considerandos do tribunal e a sentenza condenatoria, cincocentas mulleres se manifestaron por Santiago contra as agresións sexuais. O martes día 8 dese ano publicábase unha escolma da sentenza facendo figurar ás organizacións que emprestaron o seu apoio ás consideracións, acusacións e condena, emitidas polo Tribunal Feminista. ■

Ofelia Rey Castelao, catedrática de Historia moderna na Universidade de Santiago de Compostela, tomou posesión como académica na Real Academia de Historia de Portugal, o 11 de outubro. Fíxoo na sede da institución, en Lisboa, a proposta da Universidade do Minho do Braga. Declarou: «Ilusióname máis entrar na Academia de Historia de Portugal que na española». ■

denuncias e comentarios

De abusos verbais, acoso sexual, tocamientos e outros comportamentos de uso frecuente de tantos varóns

O escándalo produciuse co caso Harvey Weinstein. Como se non se soubese nada do acoso sexual, das chantaxes, dos abusos..., no mundo do cine e en todos os outros mundos. Houbo e está a haber algúns cambios moi importantes. A produtora fundada por Weinstein destituíuno.

Outros exemplos en USA, o grupo Conde Nast despediu a Terry Richardson, un fotógrafo de Nova Iorque coñecido no mundo da moda. Tiña denuncias desde hai anos. A compañía de medios só actuou cando un diario británico indicou que Richardson era «o Harvey Weinstein da moda».

Fidelity Investments, unha das grandes firmas de finanzas do mundo, despediu recentemente a dous altos executivos tras denuncias de acoso.

O chef John Besh, que cociñou para líderes mundiais e apareceu en programas televisivos, renunciou a súa compañía tras denuncias de acoso sexual nos seus restaurantes. Admitiu unha «aventura» cunha empregada, pero negou unha cultura abusiva na súa empresa. Empresa onde algunhas mulleres denunciaron que colegas e supervisores as toqueteaban, facían comentarios inadecuados e, ás veces, trataban de forzalas a ter relacións sexuais.

A Fox News leva anos sacudida por denuncias de acoso sexual ao seu expresidente, Roger Ailes, xa morto, e ao seu presentador estrela, Bill O'Reilly. Ambos chegaron a acordos amistosos de indemnización con varias empregadas da empresa. Unha información en *The New York Times* afirmaba que O'Reilly, despedido cando estas denuncias saíron á luz, pagou en xaneiro 2017, 32 millóns de dólares a unha muller para evitar un xuízo e a vergoña pública.

O coñecido editor da revista *The New Republic*, Leon Wieseltier, tamén pediu perdón logo de ser denunciado por acoso sexual.

O rockero Marilyn Manson anunciou que decidira «despedirse» de Jeordie White, membro da súa banda, acusado de violación pola súa exnoiva.

Björk acusou indirectamente nas redes sociais ao director danés Lars von Trier por tela acosado sexualmente durante a rodaxe de *Dancer in the Dark*.

Maribel Verdú dixo que os casos de acoso sexual no cine «déronse toda a vida», pero que é algo que tamén existe «fóra del, nas empresas e en todas partes». Gracia Querejeta, pola súa parte, engadiu: «É tremendo, pero o que é terrible tamén é o terror que se crea en torno á denuncia do abuso. Non só polo feito, senón que ademais é un feito coñecido, en moitas ocasións, por xente

da contorna e o medo ao despedido, a que te deixen de lado ou a que non che dean traballo fai que cales».

Podemos seguir alongando a listaxe. En todas partes, países e sectores; agora o sabemos porque se denuncia máis e comeza a haber despedidos de acosadores e abusadores. As mulleres e importantes sectores da sociedade parece que non tragan con que isto siga así.

No Reino Unido, pola súa parte, a cuestión está que arde. A campaña #Metoo está sacando á luz comportamentos de abuso verbal, de acoso sexual ou de tocamientos de políticos a xornalistas, secretarías, etc., por parte de ministros do Goberno (dimisión de M. Fallon, ministro de Defensa), tamén a investigación aberta a M. Garnier, secretario de Estado de Comercio Internacional, así como a outros altos funcionarios e deputados no Parlamento. Todo é comezar a tirar do fío para comprobar cantos varóns se cren no dereito de molestar ás mulleres, impunemente, porque ocupan un posto relevante na política ou na sociedade. Logo, algúns se permiten dedicarse á defensa dos valores cristiáns e cousas así. É o caso do exsecretario de Estado de Traballo e Pensións, Stephen Crabb, obrigado a dimitir en 2016 por un escándalo de *sexting*.

Aquí, tampouco quedan mancos. Pasou, pola moi independente xustiza e separación de poderes, o caso de abuso de poder de Baltar quen ofreceu traballo a unha muller (que non acudiu ás listas do INEM, senón ao despacho dese señor) a cambio de sexo, e agora acaban de saltar os casos de Manuel Pérez, exalcalde de Vigo e inspector de traballo, polo mesmo, e o dun directivo do Club Náutico de Sanxenxo que gravaba cunha cámara os vestiarios das rapazas.

Seguro que é o cumio do iceberg, pero alegrámonos de que vaian saíndo máis á luz, tanto as denuncias como as condenas. Está a haber campañas interesantes.

Queda moitísimo que andar e nesta andaina convén preguntarnos e preguntar, que educación —nas familias, escolas, a través dos medios de comunicación públicos...—, se dá aos varóns e que se lles di ás mulleres, de calquera idade, que fagan se suceden cousas así? Facemos algo ou mantemos a *omertá*? ■



Bea Lema gañou a edición número doce do Premio Castelao de banda deseñada que outorga a Deputación da Coruña. Fíxoo co libro *O Corpo de Cristo*, que verá a luz na primavera de 2018. Nas súas páxinas, aborda un dos tabús da nosa sociedade: a saúde —ou a enfermidade— mental. ■

denuncias e comentarios

Tres grupos: Mediaset, Prisa e Atresmedia controlan o 58 % do mercado dos medios de comunicación, o 60 % da audiencia e o 87 % da publicidade. Se a iso sumamos os negocios, as amizades, as influencias e todo o tramo de poder e medios de comunicación, xa sabemos do groso da información e a súa independencia.

Se, ademais, botamos un ollo aos medios de comunicación públicos, caso dos *tutelados* pola Xunta de Galicia, e aos enormes investimentos en publicidade e outras prebendas e prebendiñas que a Xunta dá aos xornais de por aquí, pois todo aclarado tocante a información —que propende á propaganda, máis ben—.

Os/as profesionais da canle pública CRTVG están cheas e cheos da manipulación á que se somete a un medio público e grazas ás súas protestas e loita, sabemos tamén da dignidade de tantas persoas profesionais dos medios nos que traballan. ■



traballador@s RTVG

O Congreso dos Deputados dixo NON a tramitar a Proposición de Lei Orgánica sobre a eutanasia. O debate tantas veces adiado regresaba á cámara. Sen o apoio do PSOE non tería éxito a toma en consideración da proposta. Cando o 21 de marzo a presidenta da Cámara abría a sesión plenaria, sabíase xa que a lei ía ser rexeitada. O deputado de Compromís J. Baldoví baixou ao hemiciclo para saudar ás persoas que se manifestaban pacificamente fronte ao Congreso e confirmou a noticia que desde horas antes circulaba polos móbiles: o PSOE ratificaba que se ía abster. E así foi. A súa abstención pechoulle a porta á lei de eutanasia. Pensarán os deputados do PSOE e mais os do PP que sempre é mellor que sobre a vida e a morte de cada quen decidan outros. ■

Enganácheste de baño!


Persoas trans ou que non encaixan no esquema muller-home pola súa estética ou identidade, enfróntanse á discriminación nos baños públicos separados.

«Que fas aquí?», «non sei como non che dá vergoña!»...

Comentarios que se suman a miradas de estrañeza ou rexeitamento, a agarróns de brazo ou á imposibilidade de pasar porque unha persoa se pon diante.

Proxectos artísticos, como «Inesperadx: No, no me he equivocado de baño», en Zaragoza, ou o *Free Wee Project*, en Madrid, chaman a atención sobre o feito do baño, dividido en muller-home, convértese nun dos lugares nos que persoas trans e non binarias poden chegar a pasalo mal.

O debate sobre os aseos mixtos, o lado oculto dos espazos aparentemente neutros, lugares sobre os que non nos cuestionamos nada pero que funcionan como sistemas de opresión e xerarquías, como di María Bastarós, unha das organizadoras, son temas de interese para reflexionar. ■



Patricia de Lorenzo foi a gañadora do prestixioso premio María Casares de Teatro. Ela apostou pola compañía Chévere, abandonando calquera carreira profesional onde dependese dunha chamada para a televisión ou para calquera compañía institucional. ■

denuncias e comentarios

Outubro 1917-2017. Cúmpanse cen anos da Revolución rusa. Foi un dos intentos máis lonxevos de derrubar o capitalismo, a primeira revolución obreira triunfante. A sociedade que construíron non chega os ideais de socialismo que animaba os ardores revolucionarios e que foi acomodando a unha casta de dirixentes soviéticos con intereses particulares. Sen embargo, aquela revolución e o medo que xerou nos xerarcas dos países imperialistas de occidente, contribuíu poderosamente a forzar os gobernos de capitalismo avanzado, a desenvolver políticas de «reformismo do medo», un «pacto social» implícito de maior igualdade, máis dereitos, mellores salarios; é dicir, redistribución dos beneficios da actividade económica que coñecemos como Estado do benestar. Calquera cousa con tal de que non se producira o «efecto contaxio», para o que non se escatimaron medios, incluída unha campaña sostida de descrédito, mentiras e infamias por terra, mar e aire. Cen anos de bombardeo ideolóxico desde as máis variadas familias de dereita e esquerda, presentando semellante proeza como un erro que trouxo ao pobo enormes calamidades.

Alentou en medio mundo esperanzas de cambio, diga o que lle pete a quen queira. Tamén, a de terse atrevido a cuestionar a orde existente, enfrontando ás guerras e violencias sociais dos poderosos a escala nacional e internacional.

O 8 de marzo de 1917, Día Internacional das Mulleres, daba comezo a Revolución rusa. As mulleres contribuíron poderosamente a facer a revolución e a revolución cambiou as súas vidas radicalmente. Conquistaron enormes dereitos para as mulleres. Pode acudirse ao código soviético de 1918. En 1920 legalizouse o aborto (investíguese cando sucedeu nas democracias capitalistas occidentais). Os debates daquelas sobre o amor libre, a extinción da familia, a socialización dos labores domésticos, a liberación das mulleres a través do traballo asalariado...

O horror e o terror da burguesía ante o comunismo, do que tanto se forneceu o fascismo, segue aí.

Os erros desa imponente revolución, algúns monumentais e mesmo tráxicos, non poden tapar nin escurecer os logros. Que ao baleirar a auga sucia do baño, non deixemos ir tamén ao neno, en feliz expresión de Giulia Adinolfi. Hai un inmenso legado que é preciso actualizar e sobre todo, non esquecer que o trunfo daquela revolución, forneceuse dunha moi potente e impresionante mobilización desde *abaixo* ademais de certa organización executiva *por arriba*. ■

A chamada de Amancio*

Enuncien o que enuncien, o que unha trintena deles [de medios de comunicación patrios] fixeron o 31 de maio quedará para a historia. Foi un día no que o cuarto poder púxose, sen disimulo, de xeonllos fronte ao poder que realmente move o mundo: os cartos.

A primeira hora da mañá, a axencia EFE sacaba un teletipo baixo o título «Zara deberá pagar 1,5 millóns de dólares en Brasil por un caso de traballo escravo». Na habitual diversidade do panorama mediático hispánico, varias decenas de cabeceiras sacaban a noticia sen apenas mudar unha palabra nin do titular nin do corpo do texto. Ata aí todo normal.

O raro comezaba unhas horas máis tarde. Un tras outro, os adiantados do xornalismo español ían modificando a peza. EFE cambiaraa. Zara, a nena bonita de Inditex, o imperio do multimillonario Amancio Ortega, xa non tiña unha multa por ter a 15 traballadores en condicións análogas á escravitude fai seis anos —como denunciou a ONG Reporter Brasil—, algo que polo que parece recoñecera a propia compañía, tras o que tiña chegado a un acordo coa Fiscalía brasileira para pechar o caso co pago de 1,3 millóns de euros. Agora o titular era «Zara chega a un pacto coa Fiscalía de Brasil contra o traballo escravo». Aínda mellor, «Zara aportará 1,5 millóns de dólares para combater a escravitude e a explotación infantil en Brasil», como modificaba *La Voz de Galicia* na súa web. A mancha no historial do imperio galego convertíase en medalla. Todo tiña volto ao sitio.

Que pasou aquela mañá? Houbo algunha chamada desde algún despacho de Inditex a EFE? Quizais a algún xornal? A todos os que publicaron a sentenza brasileira? Unha suor fría percorreu a sen dalgún xefe de redacción? Auto-censuráronse a axencia ou os diarios para non perder os cartiños por publicidade das diferentes marcas do grupo téxtil que tan ben veñen á cativa economía do panorama mediático estatal? Non o saberemos. O que si está claro é que ese día víronse as vergoñas de todo o sector periodístico español. Grazas, Amancio! ■

* Tomado da columna de P. Rivas de *El Salto, O Salto Galiza*, saltamos.net, outubro, 2017.

denuncias e comentarios

Traballamos en INDITEX e non chegamos a fin de mes. As 65 traballadoras das tendas Bershka da provincia de Pontevedra, o 100 % do persoal, GAÑARON!

As cinco tendas da cadea —tres en Vigo, unha en Pontevedra e unha en Vilagarcía de Arousa— estiveron pechadas entre o 26 de outubro e o venres, 3 de novembro.

Logo de sete días de folga indefinida buscando melloras na xornada laboral, pluses, retribucións, permisos, excedencia, lactación, vacacións, número de sábados libres e incapacidade permanente, lograron no preacordo do venres 3 á noite, desconvocar a folga.

A dirección da empresa só accedeu a recibilas cando elas acordaron desprazarse até Arteixo, diante da sede de Inditex.

A maioría dos medios de comunicación informaron pouco e coa boca pequena. Nos diarios dixitais, máis e na prensa escrita, menos.

A longuíssima sombra de Amancio Ortega, o home máis rico do estado español (UFFF!), estendía os seus tentáculos e os medios servís facían así as reverencias ao señor rico, riquísimo.

Namentres, as empregadas de Bershka-Pontevedra, en folga, claman por equiparar ás súas condicións ás das compañeiras da provincia da Coruña. A revista *Forbes* cifraba a fortuna de Amancio Ortega en 71.000 millóns de euros. ■

Violeta Parra. En outubro 2017 cumpriáanse cen anos do nacemento desta artista chilena, cantora e impoñente folclorista apegada á terra. Ela segue no escuro, porque é unha artista que non interesa moito, pola súa acidez, capacidade de incomodar á audiencia e por tantas aspezas. Maldicía ao alto ceo, pero tamén daba «Gracias a la vida», canción da súa autoría.

Para ela era importante romper moldes, crear sen *corsés*: «Escribe como queiras, usa os ritmos que che saian, proba instrumentos diversos, senta ao piano, destrúe a métrica, berra en vez de cantar, sopra a guitarra e toca a corneta. Odia as matemáticas e ama os remuíños. A creación é un paxaro sen plan de voo, que xamais voará en liña recta».

A película de 2011 *Violeta se fue a los cielos*, dirixida por Andrés Wood, con guión de Andrés Wood, Eliseo Altunaga, Guillermo Calderón e Rodrigo Bazaes, dá conta da súa vida e traballo, pero non do impoñente legado que nos deixou, pendente, desde logo, aínda de estudo. ■

O borrador dunha Lei Integral de Identidade de Xénero traballada polos colectivos Arelas, Amizando, Ultraia e Activistas Independentes, presentouse no Parlamento Galego en maio de 2017 por En Marea, BNG e PSDEG. O debate no plenario foi o 11 de xullo e o PP, para variar, tombouna. Dixo non ao considerar que coa lei 2/2014, lei de Igualdade de trato e non discriminación das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, xa está todo resolto. ■



Revirada, revista feminista, sacou o seu primeiro número en papel en marzo 2017 e o segundo en outubro. O proxecto da revista deu os primeiros pasos a comezos de 2016 como revista dixital e un ano despois deron o salto, tamén, ao papel, con 20 páxinas en branco e negro, capa e contracapa a cor e un prezo de 3 euros. Está dispoñible en dixital, librerías e locais da Coruña, Vigo e na librería Lila de Lilith, en Compostela. Convidan en cada número a participar, con data límite no tema da seguinte, que anuncian previamente. Boa andaina as reviradistas! ■



Carme Alvariño

Baixo o signo de Olimpia

MARÍA LOPO

Carme Alvariño Alejandro, muller e cidadá, naceu certamente baixo o signo da súa admirada Olympe de Gouges. Catedrática de Xeografía e Historia de Ensino Medio, Carme interesouse dende os inicios da súa carreira profesional polas mulleres na historia e pola historia das mulleres, tal e como mostran os seus primeiros escritos de investigación sobre o mosteiro das clarisas de Compostela. O seu labor docente, anovador e aperturista, valente e transversal, nutríase das súas inquedanzas intelectuais, do mesmo xeito que estas nacían moitas veces das lagoas ou carencias atopadas no traballo de aula.

Como muller comprometida coa súa profesión, colaborou activamente na creación de materiais didácticos non sexistas, que contribuísen a unha visión non androcéntrica da Historia, documentos cos que se puidese deseñar unha historia das mulleres de Galicia, visibilizando personalidades nas que inspirarnos e deitando luz sobre a memoria muller das xeracións esquecidas. O seu estudo introdutorio á tradución galega dos escritos políticos e literarios da autora da *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá*, ou a publicación sobre as compostelás do século XIX testemuñan da súa lúcida visión. Sororidade.

Como historiadora comprometida co seu tempo, preocupouse da recupe-

ración da memoria oral, gráfica e escrita da IIª República, así como da tan reveladora vida cotiá baixo a ditadura, privilexiando sempre o rescate memorial das mulleres represaliadas. Solidariedade.

Como docente comprometida coas súas alumnas e os seus alumnos, dinamizou os centros de ensino nos que traballou. Dunha banda, enriqueceu a aprendizaxe regrada, organizando múltiples actos nos que participantes externos completaban e diversificaban os programas oficiais. Citarei, a modo de exemplo, as oito edicións da Semana Intercultural do IES de Sar, nas que foi colaboradora e motor indispensable. Doutra banda, puxo en valor os traballos do seu alumnado, aportándolles saberes, conceptos e ferramentas cos que descubrir o seu lugar, cos que cuestionarse sobre o establecido. Penso, por exemplo, na súa coordinación de traballos de campo e de aula sobre o barrio de Sar, a catástrofe do *Prestige*, a guerra de Iraq, o campo de concentración de Lavacolla ou as irmás Fandiño Ricart, *as Mariás* de Compostela, investigacións que conectaron coa sociedade a través da súa publicación en Galicia e da súa recensión na prensa do exilio francés. Xenerosidade.

Como cidadá comprometida, militou en diversos colectivos e asociacións

culturais que enriqueceron cos seus actos e xornadas a vida compostelá, facendo cidade e facendo memoria, recuperando e reivindicando sempre con paso firme a liberdade de palabra no corazón de Compostela; unha destas aventuras colectivas máis recentes foi a da Asociación Sine Nomine. Crear sinerxías, proxectar ao alumnado o documental imprescindible descuberto nun festival, dar noticia á cidadanía do intelixente *Guernica* en relevo realizado pola creatividade conxunta de alumnado e profesorado do noso bacharelato de Artes. Honestidade.

Como compañeira, seguirá con nós, na revolta irreductible e no riso necesario; e falando do humor imprescindible para o saber, tan só boto de menos non terme rido con ela dos «estándares de aprendizaxe», oxímoro xenial, pois Carme é exemplo vivo de que non hai nada menos estándar que a verdadeira aprendizaxe.

Dende hai uns meses, en París, nun pequeno teatro, Le Guichet Montparnasse, se representa a obra *Olympe de Gouges, porteuse d'espoir*, portadora de esperanza. Carme, ao sabelo, escribiu: «Imprescindible». Como Olimpia de Gouges. Como Carme Alvariño. ■

Resumo do Informe 2016-2017 de Amnistía Internacional en Relación á Situación das Mulleres

FELICIA ESTÉVEZ SALAZAR

No informe anual realizado por Amnistía Internacional comprobamos que non hai ningún lugar no mundo que resulte seguro para as mulleres e nenas. En ningún país do mundo a violencia contra as mulleres está erradicada. Por que?

Resumindo as grandes e desiguais áreas atopamos:

África

En África as mulleres e as nenas seguían sendo obxecto de discriminación, marxinação e abusos. En moitos casos a causa das tradicións e normas culturais ademais da discriminación institucionalizada por leis inxustas.

Entre os países de África, o informe de Amnistía Internacional fai fincapé no elevado nivel de violencia que sufrían mulleres e nenas en Madagascar, Namibia e Serra Leoa. Neste país, o Goberno seguía a prohibir a asistencia ás escolas de educación xeral ás nenas embarazadas. Este país rexeitou as re-

comendacións da ONU de prohibir por lei a mutilación xenital feminina.

En Burkina Faso o matrimonio precoz e forzado arrebatava a infancia a milleiros de nenas de tan só 13 anos, que tampouco podían acceder a métodos anticonceptivos. Mais despois dunha campaña da sociedade civil, o Goberno anunciou que revisaría a lei para elevar a 18 anos a idade legal para contraer matrimonio.

En países como Botswana, Camerún, Kenia, Nixeria, Senegal, Tanzania, Togo e Uganda, as persoas lesbianas, gais, bisexuais, transxénero e intersexuais ou que fosen percibidas como tales, seguiron a sufrir abusos e discriminación.

No Camerún a violencia de Boko Haram agravou as penalidades das comunidades da rexión do Extremo Norte ao limitar o acceso aos servizos sociais básicos. Case millón e medio de persoas da rexión, na maioría nenos e nenas afrontaban niveis de crise ou

emerxencia no que se refire á inseguridade alimentaria e tiveron que pechar 144 escolas e 21 centros de saúde debido á inseguridade.

Poderíamos considerar un pequeno avance a decisión xudicial en Tanzania de declarar inconstitucionais os artigos 13 e 17 da lei de Dereito matrimonial que permitían o matrimonio precoz de nenas menores de 18 anos. Pero en Tanzania, o 37 % de nenas menores de 18 anos xa están casadas.

En Malawi a crenza de que as persoas con albinismo teñen propiedades máxicas provocou unha serie de ataques violentos contra as mesmas. Cometéronse secuestros, homicidios e saqueos de tumbas para conseguir partes do corpo de persoas albinas. Ás veces por parte da propia familia.

En Sudáfrica case un terzo das mulleres embarazadas vivían co VIH e nas comunidades rurais seguía a haber moitos obstáculos para acceder aos servizos de aborto.



En xuño a Comisión para a Igualdade de Xénero concluíu que o requisito de que as nenas pasasen probas de virxindade (*ukuhlolwa*) para acceder a bolsas para o ensino superior, que impuxera un municipio da provincia de KwaZulu-Natal, violaba os dereitos constitucionais á igualdade, á dignidade e á intimidade e perpetuaba o patriarcado e a desigualdade en Suráfrica. E conseguiuase que tal requisito fose suprimido.

Outro factor que contribuíu as violacións dos dereitos dos nenos e nenas foi a falta de rendición de contas das empresas. Por exemplo, na República Democrática do Congo, a extracción de cobalto¹ faise en condicións ben perigosas e nese traballo participan miles de nenos e nenas.

Oriente Medio e Norte de África

Durante o ano 2016 millóns de persoas de Oriente Medio e do Norte de África viron as súas vidas sumidas no sufrimento extremo e na traxedia e per-

deron fogares e medios de subsistencia a consecuencia da represión do Estado e dos conflitos armados.

En Siria cinco anos de combates provocaron unha profunda crise humanitaria e en Irán, Libia e Iemen, os conflitos armados tamén estaban cobrando incontables vítimas entre a poboación civil. Os conflitos armados e a represión axudan a aumentar a polarización política e relixiosa debilitando aínda máis o respecto aos dereitos humanos.

A Comisión Independente de Investigación informou en xuño que as forzas do Estado Islámico trasladaran forzosamente a Siria miles de mulleres e nenas iazidís desde Sinjar (Iraq), que as venderan en mercados e que as someteran a escravitude, incluída a escravitude sexual. As mulleres e nenas que intentaban fuxir eran obxecto de violación en grupo ou outras torturas.

En toda a rexión negábase ás mulleres e nenas a igualdade cos homes tanto na lexislación como na práctica e seguían a sufrir violencia de xénero, violencia sexual e homicidios por «honor».

En Irán, funcionarios do Ministerio de Intelixencia e da Garda Revolucionaria detiveron, encarceraron e atacaron activistas dos dereitos das mulleres e utilizaron a policía da moralidade para obrigar a cumprir as leis sobre o

uso obrigatorio do veo ás mulleres. O líder supremo, Alí Jamenei, promulgou en setembro unhas políticas nacionais sobre a familia que promovían o matrimonio a idade temperá, a maternidade reiterada, a redución dos índices de divorcio e un maior cumprimento dos papeis tradicionais da muller como esposa e do home como sostén económico. As mulleres e as nenas continuaban sen protección adecuada contra a violencia sexual, mesmo o matrimonio forzado, e non se adoptaron medidas lexislativas que penalizasen a violación conxugal, a violencia no ámbito familiar ou o anedito matrimonio forzado.

En Libia o proxecto de Constitución publicado en abril propuña garantir ás mulleres durante doce anos o 25 % dos escanos da Cámara de representantes e dos consellos locais. Pero en Sirte e nas zonas controladas polo Estado Islámico, limitábase a circulación libre das mulleres, controlábase a súa vestimenta e autorizábase a práctica do matrimonio precoz.

En Marrocos seguía penalizado o aborto e a finais de ano aínda non se promulgaran as reformas que o permitirían en caso de incesto e de violación.

En Túnez as mulleres continuaban estando discriminadas na lexislación e non recibían protección adecuada contra a violencia sexual e contra a violencia de xénero. É un dos países que non penalizaba expresamente a violación conxugal, e que permitía aos homes que violaran mulleres de 15 a 20 anos ou que raptaran rapazas menores de 18 anos eludir a acción da xustiza se casaban coa vítima.

En Arabia Saudí as mulleres e as nenas continuaban estando discriminadas na lei e na práctica. As mulleres seguían a estar xuridicamente subordinadas aos homes e en situación de inferioridade a eles en canto ao matrimonio, o divorcio, a custodia de fillos e fillas, a herdanza, e non tiñan acceso á educación superior, emprego remunerado e viaxes ao estranxeiro sen a aprobación do seu titor. Tamén seguían a ter prohibi-

¹ O cobalto utilízase para alimentar aparatos electrónicos, pero as principais marcas (Apple, Samsung, Sony) non fan as comprobacións básicas para garantir que nos seus produtos non se utilice cobalto extraído por man de obra infantil.

do conducir vehículos. E a esperanza de cambio está en accións como a que se levou adiante entre agosto e setembro coa campaña de twitter «As mulleres saudís esixen o fin da tutela», na que se conseguiron 14.000 sinaturas de mulleres saudís nunha petición ao rei Salmán na que solicitaban a abolición do sistema de tutela.

Asia

Moitos gobernos da rexión de Asia aumentaron a represión dos dereitos humanos, aínda que houbo algún sinal positivo de cambio.

En Afganistán a propia xudicatura afirmou que se rexistraran máis de 3700 casos de violencia contra mulleres e nenas nos primeiros oito meses de 2016. A Comisión Independente de Dereitos Humanos de Afganistán tamén informou de miles de actos de violencia, como malleiras, homicidios e ataques con ácido contra mulleres e nenas na primeira metade do ano. En xullo unha nena de 14 anos embarazada foi queimada viva a mans do seu home e dos sogros para castigar o seu pai por fuxir coa curmá do marido.

Houbo ataques de grupos armados a mulleres que traballaban de cara ao público e nalgunhas zonas está restrinxida a liberdade de circulación das mulleres e nenas limitando o seu acceso á educación e á atención médica.

A UNAMA (Misión de Asistencia das Nacións Unidas en Afganistán) informou sobre o aumento do número de mulleres que foran castigadas en público, flaxeladas e mesmo executadas, en aplicación da lei islámica, polos talibáns e por outros grupos armados.

En Bangladesh, segundo os grupos de dereitos humanos, o índice de condenas por violación era moi baixo debido á falta de investigacións. Moitas mulleres e nenas eran reticentes a denunciar violacións ante as autoridades por medo a ser estigmatizadas e a ser acosadas pola policía.

Na India seguiron aumentando as denuncias de delitos contra as mulleres e as nenas. No ano 2015 houbo 327.000

delitos declarados, pero a cifra real é moito maior, xa que as mulleres de comunidades marxinadas e comunidades rurais teñen moitas dificultades para denunciar actos de violencia sexual ou doutro tipo. En xaneiro, dous grupos de mulleres adivasis denunciaron que foran violadas por persoal das forzas de seguridade durante un rexistro realizado nas súas localidades en Chhattisgarh. En abril, a policía actuou de forma abusiva contra un grupo de traballadoras da industria téxtil que protestaban en Bangalore polas condicións de traballo. En maio, unha estudante de Kerala foi violada e asasinada no seu domicilio sen que a policía investigase as denuncias sobre actos de discriminación por motivos de casta presentadas previamente pola súa familia.

En Paquistán a Comisión de Dereitos Humanos rexistrou uns 3000 casos de violencia contra mulleres e nenas (asasinatos, violacións, violacións en grupo, secuestros). A Asemblea de Punjab aprobou a lei de Punjab sobre a Protección das Mulleres fronte á Violencia, coa oposición dos partidos islámicos. Introduciuse unha reforma na lei sobre os homicidios en nome do

«honor» para por fin á impiedade por eses delitos, mais continuaba a redución da condena se os culpables do delito obtiñan o perdón da familia da vítima. Segundo a Comisión de Dereitos Humanos de Paquistán arredor de 512 mulleres e nenas e 156 homes e nenos foron asasinados en 2016 por familiares aludindo motivos de «honor». En xaneiro houbo de retirarse un proxecto de lei que elevaba a 18 anos a idade legal mínima das nenas para casar debido á presión exercida polo Consello de Ideoloxía Islámica, que consideraba a nova lexislación «contraria ao islam e blasfema».

América

Nos Estados Unidos, Donald Trump foi elixido presidente en novembro cunha campaña electoral que causou consternación polo seu discurso discriminatorio, misóxino e xenófobo, e suscitou fonda preocupación polo futuro compromiso de Estados Unidos cos dereitos humanos tanto a nivel nacional como global.

A violencia de xénero seguía a ser un dos fracasos máis deplorables dos estados. Segundo o Departamento de Estado de Estados Unidos, unha de cada



Foto de Annie Spratt en Serra Leoa

cinco mulleres sufría agresión sexual durante os seus anos universitarios e só se denunciaba un de cada dez casos.

En outubro a Comisión Económica para América Latina e o Caribe revelou que na rexión eran asasinadas diariamente 12 mulleres e nenas e que a maioría deses crimes quedaban impunes.

En toda a rexión as persoas lesbianas, gais, bisexuais, transxénero e intersexuais fixeron fronte a índices de violencia e discriminación aínda máis elevados e a máis obstáculos para o acceso á xustiza.

Foron poucos os avances dos diferentes estados para atallar a violencia contra mulleres e nenas; por exemplo, non se protexían das violacións e asasinatos e os responsables tampouco rendían contas.

Houbo denuncias de violencia de xénero en todos os estados das Américas e as numerosas violacións dos dereitos sexuais e reprodutivos repercuten considerablemente na saúde de mulleres e nenas.

Por exemplo, entre os países de Centroamérica salientábase Honduras, onde foron asasinadas 227 mulleres entre xaneiro e xuño do pasado ano. O aborto seguía penalizado neste país en cal-

quera circunstancia, aínda que a vida e a saúde da muller estivese en perigo ou o embarazo fose a consecuencia dunha violación. Tamén estaba prohibida a anticoncepción de emerxencia. En Nicaragua, as mulleres que vivían na pobreza continuaron a ser as principais vítimas da mortalidade materna e o índice de embarazos en adolescentes é un dos máis altos da zona. Tamén neste país estaba prohibido o aborto en calquera circunstancia.

Na República Dominicana postergouse de novo a reforma do Código penal destinada a despenalizar o aborto en determinados casos. Tamén en O Salvador os dereitos das mulleres seguían ameazados. Continuaba a prohibición total do aborto, mesmo nos casos de violación. Aínda así, houbo pequenos sinais de esperanza coa liberdade de María Teresa Rivera despois de cumprir catro anos no cárcere, xa que fora condenada a corenta anos de prisión tras sufrir un aborto espontáneo, por ter o aborto a consideración de homicidio. Con todo, máis de vinte mulleres seguían a cumprir longas penas de prisión tras sufrir complicacións relacionadas co embarazo. Os niveis de violencia de xénero eran elevados,

desde xaneiro ata xullo 338 mulleres morreron de forma violenta.

Colombia, a pesar dos acordos de paz, seguía a ser unha das rexións máis violentas e desiguais do mundo. Seguen a cometerse delitos de violencia sexual relacionados co conflito. A Unidade de Víctimas rexistrara 17.500 vítimas de delitos contra a integridade sexual desde 1985 ata o decembro do 2016. E o Estado non actuou de forma efectiva para garantir o dereito das superviventes á verdade, xustiza e reparación. Houbo un pequeno avance ao decretarse en agosto do pasado ano a creación dunha comisión para desenvolver un programa de Garantías para as Mulleres Líderesas e Defensoras dos Dereitos Humanos.

En Chile o aborto seguía tipificado como delito en todas as circunstancias. Varias mulleres que solicitaran asistencia médica por complicacións derivadas de abortos inseguros corrían perigo de ser acusadas penalmente tras ser denunciadas ás autoridades por profesionais da saúde. A finais de ano seguía a debaterse a reforma legislativa que propuña a despenalización do aborto.

En Brasil no ano 2016 varios estudos mostraron que a violencia mortal contra as mulleres aumentara un 24 % no último decenio. Aínda así, o Goberno federal eliminou o Ministerio de Asuntos da Muller, Igualdade Racial e Dereitos Humanos e reduciuno a un departamento do Ministerio de Xustiza, cunha importante diminución de recursos e programas.

En Arxentina as mulleres e as nenas seguían a ter dificultades para acceder a un aborto legal. Intensificouse a criminalización dos dereitos sexuais e reprodutivos. En xullo unha nena de 12 anos da comunidade indíxena wichí foi violada por un grupo de homes non indíxenas. A consecuencia da violación a nena quedou embarazada e aínda que a nai e o pai denunciaron a violación, foi obrigada a seguir co embarazo e na semana trinta e unha de xestación houbo de someterse a unha cesárea porque o embarazo non era viable.



Foto de Majid Korang Beheshti en Irán



Foto de Monica Melton nas marchas de Nova York.

Europa e Asia Central

En Europa o avance en relación cos dereitos das mulleres foi desigual. A violencia contra as mulleres seguía a ser unha lacra xeral, a pesar da adopción de medidas lexislativas. Países como Bulgaria, a República Checa e Letonia asinaron o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra as Mulleres. Romanía e Bélxica ratificárono. Mais en Malta o aborto continuaba a estar penalizado en todas as circunstancias. E o Goberno de Polonia anunciou a súa intención de retirarse do convenio, aínda que un millón de mulleres eran vítimas de violencia cada ano nese país. Despois de protestas masivas e unha folga xeral de mulleres o día 3 de outubro, o Parlamento polaco rexeitou un proxecto de lei que propuña a prohibición case total do aborto e a penalización das mulleres ou nenas que tivesen que abortar e de quen lles prestase asistencia.

No Estado español e segundo datos do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, 44 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas no ano 2016.

En Noruega as medidas adoptadas para facer cumprir as leis sobre traballo sexual tiveron como consecuencias para as traballadoras e traballadores sexuais os desaloxos forzosos, a vixilancia policial, multas, discriminación, perda do medio de vida e expulsión do país. A violación e outras formas de violencia sexual contra mulleres e nenas seguían a ser prácticas endémicas neste país. Segundo os datos estatísticos publicados pola policía, o número de violacións denunciadas aumentou un 12 % de 2014 a 2015. Preocupa a falta de sensibilidade en cuestións de xénero dos xuíces e xuízas e a ausencia de medidas para garantir o dereito das mulleres á protección xurídica e á igualdade.

En Finlandia os servizos de apoio ás mulleres que sufrían violencia seguían a ser insuficientes e variaban dun concello a outro. A lexislación sobre o recoñecemento legal da identidade de xénero seguía a vulnerar os dereitos das persoas transxénero, que só o poderían conseguir se aceptaban ser esterilizadas, se tiñan diagnosticado un trastorno mental e se tiñan máis de 18 anos.

Entre os países de Asia Central o informe do relator especial da ONU sobre

o dereito á auga potable e o saneamento público concluíu que en Taxiquistán arredor do 40 % da poboación non ten subministración de auga abondo e esta non cumpre as normas de calidade. Este feito supón que mulleres, nenas e nenos pasen entre catro e seis horas diarias indo buscar auga en deterioro do seu dereito á educación.

En Turkmenistán o Goberno seguía a recorrer ao traballo forzoso na industria do algodón. Durante a colleita as traballadoras e traballadores do sector público eran obrigadas a participar nela e tiñan que cumprir unhas cotas de recolección por persoa. A miúdo os nenos e nenas axudaban os seus proxenitores para cumprir as cotas. A OIT pediu a Turkmenistán que acabase con estas prácticas de traballo forzoso.

En Kirguizistán a violencia na contorna familiar, o matrimonio forzado e outras formas de violencia contra nenas e mulleres continuaban a estar presentes. Na maioría dos casos as vítimas non acudían á policía debido ao estigma social e a falta de confianza na policía e no sistema de xustiza. Entre xaneiro e outubro do pasado ano rexistráronse 4960 casos de violencia intrafamiliar. Aínda que o traballo sexual non estaba penalizado, as autoridades policiais facían declaracións discriminatorias e estigmatizantes sobre as mulleres dedicadas ao traballo sexual referíndose á necesidade de «limpar» as rúas. As mulleres que realizaban este traballo tiñan dificultades para acceder á asistencia médica, mesmo negándolles tratamento e non respectando a confidencialidade.

Ademais, no 2016 houbo un cambio no paradigma da formulación sobre a función dos gobernos pasando de *ser quen proporciona seguridade para que as persoas poidan desfrutar dos seus dereitos á idea de que hai que restrinxir os dereitos das persoas para proporcionar-lles seguridade*. O resultado foi unha arriscada redefinición dos límites entre os poderes do Estado e os dereitos das persoas. ■

A propósito da xestación por substitución*

PALOMA URÍA RÍOS
E FINA JIMÉNEZ BETANCOR

Introdución

En xullo de 1978 nacía Louise Brown, a primeira nena probeta. Por primeira vez ofrecíase a posibilidade de separar a fecundación da xestación, ofrecíanse solucións para a infertilidade e abríanse insospeitados camiños que modificaban, dalgunha maneira, a concepción sobre a maternidade; até entón, intimamente ligada á subxectividade feminina.

No movemento feminista produciuse entón un intenso debate a favor e en contra destas novas técnicas.¹ As súas críticas centrábanse, fundamentalmente, na medicalización do corpo das mulleres por parte de axentes externos ás propias mulleres. A pesar das críticas, dúbidas e prevencións, o desenvolvemento técnico continuou, mellorouse e xeneralizouse. As técnicas de reprodución asistida tardaron en aceptarse e en legalizarse, España foi dos primeiros países en facelo, pola lei 35/1988 de 22

de novembro, pero foron pouco a pouco estendéndose a outros moitos; milleiros de bebés teñen nacido desde entón por medio da reprodución asistida.

Pero estes procesos deparan resultados impredecibles, e se nun principio o material xenético se implantaba nunha muller que ía exercer de nai, nada impedía, desde o punto de vista técnico, que a implantación se realizase nunha muller distinta á que ía exercer a maternidade (ou a paternidade, en función dos cambios sociais e dos modelos de familia). Abriase así o camiño para superar a incapacidade de xestar. E aquí atopámonos coa xestación por substitución (ou subrogada), que ten espertado problemas éticos e sociais que están sendo sometidos a intensos debates.

Hoxe en día non só se pode ter sexualidade sen reprodución, tamén se pode ter reprodución sen sexualidade. A posibilidade de que mulleres e homes, que antes non podían acceder á maternidade ou paternidade por problemas de esterilidade funcional ou estrutural (é o caso das persoas sen parella ou as parellas homosexuais) accedan a este desexo é hoxe unha realidade.

O uso do corpo vulnera a liberdade e a dignidade das mulleres

É certo que foi unha constante no feminismo o denunciar, con razón, o abuso a que foron sometidas as mulleres, violentando o seu dereito a dispoñer do propio corpo: violacións e prácticas sexuais forzadas, pornografía non consentida, maternidades non desexadas, esterilizacións forzadas, mutilacións xenitais..., polo que é comprensible a especial sensibilidade coa que abordamos calquera uso non autorizado, non desexado do corpo, pero a denuncia debe residir neste último aspecto; é dicir, na falla de consenso, de voluntariedade, na coacción á que as mulleres son sometidas. Pois cando as mulleres poden dispoñer sen coacción de si mesmas, teñen o mesmo dereito e manteñen a mesma dignidade que cando poñen en acción a súa forza de traballo, a súa intelixencia, a súa formación cultural, en definitiva a súa persoa.

Libre consentimento

Ben é certo que as decisións que tomamos as persoas probablemente nunca son totalmente libres: isto é unha utopía; as diversas situacións sociais,

* Artigo publicado en *Galde*, 19 (verán 2017)

¹ En 1984 fúndase a rede feminista FINRRAGE (Feminist International Network of Resistance to Reproductive and Genetic Engineering), que ten unha importante influencia no movemento.

Hoxe en día non só se pode ter sexualidade sen reprodución, tamén se pode ter reprodución sen sexualidade

nunha sociedade tan pouco igualitaria, condicionan as nosas eleccións, pero non anulan a nosa capacidade de decidir. É evidente que a nosa autonomía está limitada e influída por condicionantes de índole persoal e colectiva, pero non somos meros receptores desas mensaxes, temos marxe para transformar e transformarnos. Para iso non basta con sinalar os riscos, tamén é necesario fomentar a autonomía, a capacidade crítica e a responsabilidade coas decisións que adoptamos. Non parece que o mellor camiño para logralo sexa o de protexer ás mulleres de si mesmas, impedindo que accedan a esta práctica, nunha sorte de política paternalista, en lugar de afirmar a súa autonomía. Negar a capacidade autónoma das mulleres reforza o estereotipo da incapacidade feminina para adoptar decisións racionais. Por que esta autonomía non é posible cando se trata da xestación por substitución e si é posible cando falamos doutros traballos e actividades económicas?

Non é menos certo que a defensa da dignidade das persoas debe ser una prioridade e sabemos que esta dignidade menoscábase de mil maneiras, sendo unha das máis evidentes a explotación extrema á que moitas persoas, e en casos especiais, as mulleres, son sometidas en todo o mundo, así como o desprezo dos seus dereitos máis elementais; isto vainos levar a buscar os medios para mellorar estas condicións, e a defender estes dereitos, pero non a prohibir ou rexeitar unha actividade realizada voluntariamente.

Explotación e mercantilización

En canto á mercantilización do corpo das mulleres e a súa cousificación,

vivimos en sociedades onde case todo se vende: a capacidade manual, de crear, de pensar, a imaxe física..., mesmo cousas que forman parte da esfera íntima, como o coidado físico e psíquico, as prácticas sexuais...; ningunha actividade humana pode ser exercida sen o concurso do corpo. Poderíamos dicir que por isto vendemos ou alugamos brazos, costas, cerebros? Non sería máis exacto dicir que vendemos as nosas capacidades, os nosos esforzos, o noso tempo? Se ben, é preciso recoñecer que, no caso que nos ocupa, falamos dunha actividade moi particular e moi sensible: a capacidade de reprodución humana. De aí o debate que se ten suscitado e de aí a esixencia de abordar a cuestión con extrema atención a todas as posibles implicacións.

Existe o temor de que as mulleres que se prestan a proporcionar este servizo proveñan das capas máis pobres e marxinadas, que son presa fácil de organizacións ou mafias que as sobreexplotan. Non é un temor de pouca importancia, posto que ocorre tamén con outros tipos de traballo que se desempeñan á marxe das leis e o Estado de dereito, como os traballos somerxidos ou a trata de mulleres. O risco de explotación, de que as persoas ricas se aproveiten das pobres dáse en moitas outras actividades sen que isto sexa causa de prohibición. Por iso a resposta ten que ser buscar o amparo da lei, o control e a transparencia.

Nalgunhas propostas de regulación da xestación por substitución acéptase que esta se preste con carácter altruísta, é dicir, non mercantil. Cremos que é unha distinción enganosa, en primeiro lugar porque se admiten «compensacións económicas» derivadas da prestación, e polo tanto existe un pago, probablemente menor que nunha relación mercantil, e, polo tanto, menos beneficiosa para a xestante; pero, ademais, non entendemos por que a decisión é máis autónoma cando se fai movida por altruísmo que cando é comercial nin por que deixa de ser ética porque se cobre por ela.

Tamén é lexítima a pretensión de que só poida ser exercida con intervención ou mediación do Estado ou as prevencións en contra de que a xestación por substitución se mercantilice e se converta nun negocio para terceiros. Pero unha regulación estrita e ponderada pode evitar no posible a mercantilización e pode contribuír a impedir os abusos e a explotación que se sofren en tantos ámbitos na nosa sociedade de mercado.

O risco depende en boa medida da forma e condicións en que esta se regule. Non regulala en España favorece o acceso a outros países onde hai menos garantías. Por outra parte, nos países que só admiten a prestación altruísta, o número de xestantes dispostas a facelo é inferior á demanda existente, co que non se impiden as prácticas alegais ou o recurso a países onde a regulación é menos estrita.

Enfrontarse á realidade

Gústenos ou non, a realidade imponse, e a xestación subrogada, legal en moitos países, está sendo unha práctica á que recorren numerosas persoas, con gran desgaste económico, emocional e escasa seguridade xurídica, por isto cremos preferible que en España se regularice a súa práctica. Pero somos conscientes de que é unha actividade non exenta de riscos e complicacións. A súa complexidade ten que ver con diversos factores: a consideración social do feito da maternidade, a posible implicación emocional, o risco para a saúde da xestante, a posibilidade, moi real, de sobre explotación. Ademais, os riscos e implicacións de todo tipo das persoas demandantes, así como a valoración dos seus supostos ou reais dereitos. Tamén as posibles repercusións nas persoas nadas por este procedemento. Todo iso esixe suscitar que o recoñecemento da práctica da xestación por substitución deba ir acompañada dunha regulación que contemple, na medida do posible, a protección dos dereitos de todas as partes implicadas. ■

Retóricas ao redor da xestación subrogada




Ilustración: www.babygest.es

ANA LUÍSA BOUZA SANTIAGO

Se consideramos que a principal produción da humanidade é a de seres humanos, podemos entender que as cuestións reprodutivas, especialmente as que se refiren ao núcleo do poder reprodutivo —o corpo das mulleres—, son enormemente controvertidas, como vemos nos debates sobre a contracepción, o aborto, a prostitución...

En España a filiación materna obtense automaticamente no parto. Ata

hai pouco, o concepto «maternidade» abarcaba fecundación, embarazo, parto e filiación. Todo o traballo biolóxico producíase no corpo dunha mesma muller. As técnicas de reprodución asistida abriron novas opcións ao permitir desligar a fecundación, de embarazo e parto. Pero iso non puxo en cuestión a atribución da maternidade en parellas heterosexuais; a nai era a que paría, aínda que non participase na carga xe-

nética da criatura. Coa legalización do matrimonio homosexual e a eliminación doutras trabas legais para as persoas e parellas LGTBIA, emerxe un amplo desexo de maternidade/paternidade, que non sempre se pode ou quere resolver coa adopción. O mesmo sucede con cada vez máis mulleres superviventes do cancro ou con outras limitacións para a adopción e que queren ser nais. Unha resposta a esta demanda, xa adop-

tada noutros países —con limitacións diversas— é a posibilidade de que unha muller se preste, por contrato, a xestar e parir criaturas das que non será nin xenética nin legalmente.

As enquisas mostran unha posición da poboación española favorable a legalizar a xestación subrogada. En xullo de 2016, segundo os resultados do Observatorio de My Word para a Cadena SER, máis do 70 % das persoas participantes querían que se aprobara unha lei que a regulase. Neste caso, regular é legalizar algo que hoxe é ilegal; suporía abrir a posibilidade a que se celebren contratos que muden o automatismo da filiación materna en determinadas circunstancias e condicións.

Como sucede coas novas realidades que aparecen ao combinar o cambio tecnolóxico e o cambio social, o debate sobre a xestación subrogada busca acadar unha definición socialmente hexemónica (aceptada como de sentido común para a maioría da poboación) sobre o que é a xestación subrogada, con compoñentes éticos, científicos, económicos... Estamos no proceso de establecer unha «verdade social» que a describa, construída nun proceso dialéctico de linguaxe. Pódese apreciar esta dialéctica no propio nome que se dá á cuestión: xestación subrogada é o termo utilizado pola corrente favorable á legalización, ventres de alugueiro, pola partidaria de manter o status quo. Este traballo de construír o que socialmente entenderemos como «verdade» e que lexitimará a amplitude do cambio legal —se chega a habelo—, realízase ao redor de diferentes retóricas. Tres delas, dentro da diversidade das diferentes posicións, son as seguintes:

A retórica do dereito a procrear

Un dos temas recorrentes deste debate é a existencia ou non, do dereito a procrear. Se se trata dun desexo, farase ou non realidade por unha combinación de sorte, oportunidade e capacidade de cada persoa; en ocasións a través do mercado, coas limitacións propias de cada sociedade. Pero se aceptamos

que se trata dun dereito, o Estado debe proporcionar recursos para exercelo.

Podemos considerar que as adopcións (incluso as internacionais) desenvolven os dereitos das criaturas xa existentes e sen un entorno familiar adecuado a ter unha infancia e unha crianza o mellor posibles. Pero que o Estado asuma, por exemplo, os custos dos programas de fecundación asistida desde a sanidade pública, abre a porta á reclamación do dereito das persoas adultas a procrear.

Maioritariamente é dende a defensa do dereito a procrear, que se está reclamando a legalización da xestación subrogada como unha «técnica necesaria» para a súa realización. Ás veces como unha técnica de último recurso, é dicir, só cando unha persoa ou parella quere procrear pero non pode xestar nin adoptar. En exercicio dese dereito, a falta de regulación en España empuxaría aos suxeitos do dereito a acudir a outros países con lexislacións non garantistas, así que regular móstrase tamén como o xeito de evitar que quen queira facer o proceso de xeito ético, se vexa na obriga de acudir a outro país no que, quizais, o proceso non sexa tan ético.

Dende a posición contraria, non se reconece a existencia dun dereito a procrear. O desexo de ser nai ou pai é lexítimo e comprensible, pero un desexo. Non é posible desenvolvelo máis aló de onde está, porque se opón aos dereitos doutras persoas: as mulleres xestantes. Convértese, xa que logo, nun desexo irrealizable, pois non existe o dereito a usar a unha muller para que alguén satisfaga un desexo, por moi comprensible e lexítimo que sexa. Non se pode mercar un embarazo, como non se mercan órganos ou sangue, non é dereito de ninguén facelo, nin da propia embarazada. Se se reconece o dereito das ricas a comprar, establécese tamén a obriga das pobres a vender.

Na miña opinión, neste momento non existe o dereito a procrear, o que non quere dicir que non acabe existindo e sendo regulado. Entre tanto, a legali-

No mercado neoliberal, se os ricos queren comprar, os pobres teñen que vender, de maneira que se abre o mercado de xestantes, as mulleres pobres veranse obrigadas a vender

zación da xestación subrogada supón abrir un mercado, ou ampliar un xa existente, que satisfaga desexos de paternidade ou maternidade que o actual non cobre. O dereito que si existe é o das criaturas vivas, eses máis de 2000 menores que en Galicia están baixo a tutela da Xunta, a ter un fogar e unha infancia merecente de tal nome. Mentres estean aí, non se pode abocar ás persoas con desexo de criar a outras alternativas por temas burocráticos, hai que revisar xa os procedementos de acollemento e adopción.

A retórica do dereito a decidir sobre o propio corpo

A controversia sobre o dereito a decidir ten dous enfoques. Por unha banda, están os límites que teñen en xeral todos os dereitos dentro de cada sociedade (pódese elixir abortar no sexto mes de embarazo?...), e, por outra, os límites da liberdade individual de cada muller (pódese elixir con liberdade ser prostituta?...). Neste tema están presentes ambos enfoques.

Pode unha muller elixir, e facelo libremente, xestar unha criatura para outros?

A opción partidaria da regulación responde afirmativamente a ambas preguntas, os límites do dereito e garantías da liberdade ao exercelo postúlanse como a base da necesidade da regulación. Será a lei a que defina as garantías, tanto para a xestante (idade, embarazos anteriores, dereitos durante o embarazo...) como para a outra parte, a contratante (arrepentimento, cambio de

Porén, a cuestión está en impedir que unha muller poida ser forzada a tomala [a decisión de xestar unha criatura para outros], nin pola presión familiar nin pola económica. Iso non pode impedilo unha lei, que non ten poderes máxicos

condicións...). É na lei onde se poden establecer as medidas para garantir a liberdade da muller que toma a decisión, incluíndo a limitación dos motivos económicos.

A posición partidaria de manter a lei actual, suscita a cuestión doutro xeito. Non se refire ao dereito a decidir da muller que xesta, senón ao non dereito a usar a unha muller para esa función, situando á muller xestante como o obxecto co que se comercia, coas regras do mercado capitalista, nin sequera como unha parte contratante e, xa que logo, sen capacidade de decisión. Alúdese aos dereitos das xestantes unha vez que o son, pero non ao dereito a decidir selo, porque non se considera posible que alguén con liberdade de decidir poida decidir realizar este traballo: será forzada pola pobreza. No mercado neoliberal, se os ricos queren comprar, os pobres teñen que vender, de maneira que se se abre o mercado de xestantes, as mulleres pobres veranse obrigadas a vender. O único xeito de evitalo é non regular este mercado, mantelo na ilegalidade.

Se a pregunta que nos facemos é tan simple, para min a resposta é igual de simple. Unha muller pode decidir, e facelo libremente, xestar unha criatura para outros. E pode facelo por motivos diversos e todos eles respectables: solidariedade, necesidade económica, vivir a experiencia do embarazo sen a responsabilidade da maternidade... A capacidade de facelo debe estar enmarcada nunha regulación que protexa por igual os dereitos humanos da muller

xestante e da criatura nacida, por riba da protección administrativa das persoas asinantes do contrato. En canto á liberdade para decidir dunha muller, está, claro, limitada polas súas circunstancias e opcións, como todas as decisións que tomamos na vida. Porén, a cuestión está en impedir que unha muller poida ser forzada a tomala, nin pola presión familiar nin pola económica. Iso non pode impedilo unha lei, que non ten poderes máxicos. Tampouco manter a actual situación de ilegalización, que deslocaliza a demanda cara outros países, como sucede na actualidade. Evitar que unha muller se vexa forzada a un embarazo non desexado depende de que existan alternativas de supervivencia digna e vías de denuncia e protección ante calquera intento de forzar a súa vontade.

A retórica do altruísmo

Una das analogías recorrentes na construción deste novo concepto, é a doazón de órganos ínter-vivos, sangue, seme, ovarios.. que a lexislación española obriga a que se realicen de xeito non remunerado, altruísta. O que nos leva ao tema do diñeiro: parecería posible un acordo entre ambas posicións se estivésemos a falar de doazóns altruístas. A expresión ventres de alugueiro non tería sentido se non hai un pago. Non hai controversia sobre o requisito do altruísmo, haino sobre o seu significado e alcance. Doutra banda, a analogía da doazón de órganos abre o tema das familiares como doantes e tampouco hai acordo nesta cuestión.

Un uso rigoroso do termo faise entre quen se resiste a legalizar a xestación subrogada. Altruísta, din, significa que non hai que compensar polos gastos, o tempo ou os esforzos; non hai intercambio de diñeiro. O mellor xeito de probar o altruísmo é limitar esta forma de doazón a familiares de primeiro e segundo grao, de maneira que se aseguraría, ademais, que a xestante non desapareza da vida da criatura.

Estas limitacións non son compartidas polas posicións a prol da legaliza-

ción. O altruísmo para elas consiste en que non haxa motivos económicos no acordo. O xeito que propoñen para garantirlo é impedir o acceso ás mulleres pobres a través da lei reguladora. Unha vez demostrado que a necesidade económica non forza o compromiso da muller xestante, aínda que este sexa altruísta, será compensado economicamente como recoñecemento polas molestias sufridas e o esforzo requirido durante un longo período de tempo, ademais dos gastos ocasionados polo proceso e o embarazo. Doutra banda exclúe ás familiares como doantes para evitar presións e garantir a voluntariedade.

Nun extremo está o acordo entre familiares que se asemella a unha doazón inter-vivas e que é a fórmula adoptada por exemplo en Gran Bretaña. Probablemente non sería difícil chegar a un consenso neste caso. Porén limita extraordinariamente o universo de demanda e oferta, e máis se as demandantes só poden ser mulleres infértiles. Xestar para unha irmá sobrevivente dun cancro non produce rexeitamento, senón solidariedade.

No outro está o mercado, pagar para ter un bebé coa mesma xenética que unha. Fáiseme sospeitoso, que con tanta frecuencia se apele ao altruísmo das mulleres, non teño reparos morais en que se remuneren o esforzo e dedicación —por non falar dos riscos— que supoñen un embarazo e un parto. Unha remuneración non embazaría a xenerosidade que supón prestar a outra persoa a capacidade de xestar, e deixaría á decisión da muller cobrala ou non. Paréceme un pouco cínico, unha vez que se está a definir a normativa dun mercado, que se exclúa ás mulleres pobres de realizar unha actividade remunerada para dar a sensación de que non o é, e manter unha porta aberta ás trampas. Se este mercado se regula, e levamos camiño de facelo, as institucións públicas terán que garantir con recursos, non só con palabras, que non supoña unha nova fonte de precarización da vida das mulleres. ■

As mulleres desde a empresa:

a presenza da muller en ámbitos tradicionalmente masculinizados

NATIVIDAD PARAMÁ FERREIRO

Comezo esta reflexión indicando que en ningún caso quero parecer imparcial, nin creo que tampouco deba, posto que a miña vivencia e experiencia persoal neste eido non permite que así sexa. Pretende ser este un brevísimoo percorrido por algún dos factores que afastan á muller de certas carreiras e postos laborais.

O feito de que as mulleres sexan as grandes esquecidas dentro dos ámbitos de relevancia empresarial é bastante evidente e, dende tódolos puntos de vista, admite ben pouca discusión. Pero o motivo desa ausencia si pretende ser discutido por unha parte da sociedade actual.

A ciencia e a tecnoloxía dominan os nosos días: a informática, a rede, a nanotecnoloxía, a biotecnoloxía, os novos modelos computacionais... Todo isto

forma parte das nosas accións diarias, aínda que moitas veces non sexamos conscientes diso. Pero precisamente nestas dúas ramas, na ciencia e na tecnoloxía, existe unha ausencia, máis ca notable, da muller tanto na investigación como na empresa, especialmente nos eidos da dirección. A discusión está en se iso é así porque as mulleres non queren desenvolver as súas carreiras nestes ámbitos laborais ou se, dende a propia empresa e mesmo dende o sistema educativo se inclinan as súas escollas formativas.


Se tomamos os datos publicados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para as e os estudantes que formalizan matrícula en ensinanzas de grao de primeiro e segundo ciclo, notamos que existe unha evidente minoría de mulleres nas carreiras universita-



rias que desenvolven algunha enxeñería ou carreiras científicas, mentres que a maioría é abafante para os graos en Ciencias Sociais, Humanidades ou sanitarios.

Na miña experiencia persoal debo admitir que, dende o punto de vista da empresa, son consciente da existencia de eidos de traballo eminentemente masculinizados nos cales a irrupción dunha muller vese, non en poucas ocasións, coma unha simple anécdota. Sorprendente para moitos e pouco relevante para os que máis.

Nun exercicio de comprobación persoal, revisei as empresas creadas por mulleres ao abeiro das subvencións Emega 2014, promovidas pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, da que eu mesma fun beneficiaria, coa intención de comprobar se os datos




Porcentaxe de estudantes por xénero e titulación

Fonte: Estatística de estudantes universitarios. Curso 2015-2016. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

Algo considerado *normal* nunha sociedade que segue a manifestar claros síntomas de desenvolvemento de patriarcado asentado en modelos ríxidos e arcaicos

que se manexaban distaban moito da mostra da que partía. Débese sinalar que a análise é simplemente descritiva e non se aplicaron criterios de análise regresiva ou xerárquica, a estatística responde ás porcentaxes totais das variables clasificadas. Desta primeira aproximación púidose identificar que a tendencia da que se estaba a discutir esténdese a todos os ámbitos sociais vinculados ao desenvolvemento profesional da muller.

De feito, como podemos observar no gráfico seguinte, máis do 80 % das empresas creadas por mulleres que se presentaron á devandita subvención de emprendemento feminino estaban dedicadas ao comercio (especialmente significado é o sector téxtil) ou ao sector servizos (sobre todo a hostalaría e a imaxe persoal). Totalmente anecdótica é a presenza do sector tecnolóxico, representado polo 2,9 % das iniciativas empresariais.



Actividades de empresas por sector

Fonte: Datos recompilados da convocatoria Emega 2014

Esta é a realidade. As mulleres contratadas ocupan postos administrativos e subalternos na empresa tradicional, mentres que as emprendedoras apostan por actividades tradicionalmente feminizadas dedicadas á venda, ao sector servizos e ao eido social e sanitario.

Pero, ademais, o corte non está só na escolla de profesións máis ou menos feminizadas, o problema é de tipo estrutural e afecta a toda a distribución do modelo empresarial. Así, segundo Cabanas, Morales & Molinero (2014), o 31 % das empresas españolas non conta con ningunha muller entre os seus cargos directivos, e esta porcentaxe chega ata o 35 % para aquelas empresas que cotizan en bolsa. Ademais, as mulleres que chegan a alcanzar eses postos directivos supoñen o 13,4 % do total de directivos. Dos 1735 altos cargos directivos de primeiro nivel de España en 2014, só 234 son mulleres, baixando a porcentaxe ao 10,3 % para aquelas empresas que cotizan en bolsa.

Estes datos son realmente alarmantes, pero pasan desapercibidos ou son ignorados por gran parte da nosa sociedade. Algo considerado *normal* nunha sociedade que segue a manifestar claros síntomas de desenvolvemento de patriarcado asentado en modelos ríxidos e arcaicos.

Ao longo da historia recente discutiuse en innumerables ocasións sobre a existencia ou non de traballos de corte feminino e de corte masculino. E a pesar de que se chegan a aludir factores longamente rebatidos e dos que non é o lugar no que dar conta deles, o fondo do asunto repercute no modelo educativo e social de partida. Segundo o modelo tradicional de análise, certa preferencia por parte das mulleres de carreiras profesionais menos técnicas ou máis *brandas* débese a diversos factores, os cales poden resumirse en tres fundamentais: diferenzas do funcionamento das estruturas cerebrais, marcaxe xenética e diferenzas de habilidades segundo os xéneros.

Este argumento é, por exemplo, a base das escolas segregadas. As supos-

tas diferenzas no desenvolvemento do cerebro feminino e masculino que dificultan a coeducación deben ser tidas en conta na práctica educativa. Seguindo o argumento anterior, as nenas e os nenos manifestan caracteres diferentes, que se resumen en caracteres máis rexos e vigorosos para eles e roles máis submisos e febles para elas. En palabras da profesora de Dereito administrativo, María Calvo:

Gracias a los avances tecnológicos de los últimos 15 años, se han podido desarrollar nuevos métodos de investigación de la estructura y del funcionamiento cerebral. Los *scanners* y las resonancias magnéticas han permitido a los científicos analizar un cerebro en actividad, comprobar las diferencias entre ellos y cómo responden a distintos estímulos, demostrando que existe un dimorfismo cerebral desde el punto de vista sexual. Hasta entonces se pensaba que eran los roles, las pautas culturales o la educación que dábamos a los niños y niñas los que determinaban que fueran de una manera u otra, ahora,

gracias a estos avances, se puede afirmar que los cerebros de un hombre y de una mujer son diferentes desde el nacimiento, y que cada sexo sigue un desarrollo cerebral distinto...

Esta argumentación é duramente debatida entre partidarios e detractores da mesma. Neste punto debemos indicar que aínda que existen diferenzas probadas no desenvolvemento cerebral de homes e mulleres (Brizendine et al., 2007) estas non parecen suficientes para xustificar a segregación social entre homes e mulleres por teren características diferentes que os encamiñen cara roles sociais distintos, establecidos a partir do sexo. Segundo Brizendine só existe unha variación do 1 % entre o código xenético das mulleres e dos homes, podendo influír en calquera célula do noso corpo, provocando cambios na percepción e transmisión de información ás neuronas. Porén, asentar as bases dunha diferenciación social

en variacións tan mínimas representa un posicionamento arriscado. En palabras de Marina Subirats (2010):

Hagamos que hombres y mujeres tengan libre acceso a todas las posibilidades de la vida en igualdad de condiciones y ya veremos, más tarde, si persisten o no las diferencias en sus cerebros y qué importancia tienen en el conjunto de su funcionamiento.

Detrás de toda esta argumentación científica establecida a partir de construtos biolóxicos e naturalistas, pódense entrever certos aspectos que recordan os vellos prexuízos sexistas, a distribución por sexos e a súa funcionalidade, na que as mulleres son consideradas como persoas máis débiles, máis pequenas e menos intelixentes que os homes. Loxicamente a día de hoxe e a pesar de existiren individuos que manifestan estas crenzas abertamente, como é o caso do eurodeputado polaco Janusz Korwin-Mikke, estes argumentos son esgrimidos de forma máis sutil, maquillándoos e presentándoos cun halo de especialización social atendendo á diversidade xenética.

Pero o certo é que existen sectores na empresa que se opoñen con forza á entrada da muller, sectores tradicionalmente considerados masculinos e que en pleno século XXI, seguen a representar unha barreira para o desenvolvemento feminino. Poggio e Woo (2000) falan de sectores como o da construción, nos que, aínda habendo un grande número de mulleres tituladas en profesións técnicas (arquitectas, topógrafas...), a incorporación á empresa supón a adecuación a campos de traballo diferente aos dos homes. Empréganse na súa maioría en postos administrativos e contables. Na banca, son maioritariamente empregadas na atención telefónica ou venda directa cos clientes e para chegar a un posto directivo esíxeselles máis que a un home. Isto supón que existe unha cultura de xénero que predomina, aínda a día de hoxe, na distribución laboral.

Pola contra, cando son os homes os que se insiren dentro dun eido laboral tipicamente feminino habitualmente



chegan a cargos e postos directivos, a pesar de estar nun ambiente feminino. É aquí onde aparece o tantas veces citado «teito de cristal», que existe, que é real e que afecta a mulleres de todas as clases (Reskin & Padavic, 1994).

A estes prexuízos sexistas debemos sumarlle a invisibilidade social do mesmo. Esta invisibilidade está promovida directamente polas institucións e pola sociedade mesma. A muller parece invisible para certos ámbitos sociais e académicos, só hai que botar unha ollada aos libros de texto e comprobar cantas mulleres aparecen como referentes na arte, na arquitectura, na política, na ciencia... Todo se reduce á anécdota: unha vez houbo unha muller que sorprendentemente descubriu a función da radioactividade, aínda que de forma accidental e apoiada polo seu marido... Os referentes para a sociedade son masculinos, en todos os ámbitos de estudo. Realmente é interesante observar como a educación dende os primeiros tempos modela os roles sociais a desenvolver.

Esta invisibilidade na esfera pública, empresarial e académica consolida a segregación dos roles laborais masculinos e femininos, e, para aquelas persoas que deciden rompelos, existe un forte correctivo de carácter moral. Existe, aínda que de forma sutil e pouco explícita debido a unha hipocrísia social que nos provoca a corrección estética e formal. A súa existencia pode comprobarse na creación de estereotipos que é frecuente atopar das mulleres que ocupan postos tradicionalmente masculinos, especialmente os cargos directivos. Para elas están destinados os adxectivos máis duros e reprendedores: mulleres de carácter forte, en ocasións manipuladoras, sen escrúpulos, pouco compañeiras, desnaturalizadas... Fronte a isto temos homes: profesionais, con autoconfianza, sacrificados, loitadores..., aínda cando esteamos a falar de postos que tradicionalmente son ocupados por mulleres, nos que, para estes casos en concreto, hai que vencellos ao concepto de *humildade*.

Por outra parte, e moi vinculado a este concepto de *invisibilidade* feminina, está outro que na miña máis sincera opinión redunda na idea de sometemento e fragilidade da muller no eido laboral. A idea á que me refiro é a da *titorización*. As mulleres deben ser titorizadas polas administracións e pola sociedade no seu desenvolvemento laboral. Falo aquí dende a propia experiencia, e non quero desperdiciar a ocasión para expresar esta idea.

Cando falamos de emprendemento podemos observar dúas posicións ben destacadas: a feminina e a masculina. Cando se apoia o emprendemento masculino faise dende as institucións con medidas que axuden a desenvolver proxectos e ideas novidosos ou que poidan aportar valor social. O prototipo do emprendedor é un home novo, titulado, formado, que desenvolve un proxecto empresarial que se pretende solvente. Cando falamos de emprendemento feminino estamos a referirnos a outro tipo de emprendemento. Estamos a referirnos a mulleres que se lanzan ao mercado en busca dunha oportunidade, moitas veces en risco de exclusión social, paradas de longa duración nun mercado dominado por homes e que renuncian ou pospoñen a idea tradicional de familia e maternidade. Somos vistas coma persoas fráxiles que se ven na obriga de escoller entre desenvolver a carreira profesional ou o ámbito máis persoal. E aquí entra en xogo de novo o rol social e a explicación biolóxica e ambiental que en parágrafos anteriores se esgrimía. Por iso, nesta situación de desvantaxe e inferioridade a muller emprendedora necesita de titorización ou mentoría institucional, para axudar a encamiñar esta actuación laboral. Na miña propia experiencia, tamén pasei polo período de titorización. Experiencia da que aprendín moito, sobre todo sobre prexuízos e roles. O feito de ser home emprendedor está vencellado á asunción de riscos no desenvolvemento da actividade profesional, mentres que as mulleres emprendedoras somos analizadas, xulgadas e

criticadas na asunción do mesmo risco, porque no modelo social estamos representadas pola conservación de parámetros arcaicos nos que a febleza e a menor intelixencia nos definen. Esta diferenza non é produto dunha opinión persoal, é algo real que pode comprobarse nas propias liñas de axuda ao emprendemento. Por esta razón, as institucións, que tanto proclaman o empoderamento feminino son culpables coas súas políticas e cos seus modelos educativos da perpetuación de ideoloxías de corte sexista.

A empresa, aínda na actualidade, mantén un modelo diferenciado por xéneros. Así, como se podía comprobar no cadro II, aínda que o sector sexa maioritariamente feminizado, como por exemplo o téxtil, o certo é que nas grandes industrias as actividades menos cualificadas (cosido e pasado de ferro) son desenvoltas por mulleres, e as máis cualificadas (como patronaxe) son realizadas fundamentalmente por homes. Este exemplo podemos extrapolalo a calquera outra das actividades empresariais descritas anteriormente. Este problema, a pesar dos esforzos que se

O feminismo, ben sexa de base, institucional ou académico pretende que a muller acade a igualdade en todos os sectores nos que agora está apartada

están a levar a cabo por parte de certas asociacións e movementos sociais, segue presente e semella moi pouco superable pensando nun curto intervalo de tempo. A educación baseada en separación de modelos masculinizados e feminizados, a invisibilidade social da muller dominante en ámbitos científicos, políticos e académicos e os prexuízos de índole sexista, son as principais barreiras que debemos derrubar.

Neste sentido, semella evidente que o movemento feminista está influíndo no cambio desta realidade social, e probablemente sexa un dos que máis cambios está a conseguir a nivel reivindicativo. O feminismo, ben sexa de base, institucional ou académico pretende que a muller acade a igualdade en tódolos sectores nos que agora está apartada. Porén, o patriarcado no que se asenta o noso sistema social e institucional favorece a perpetuación deste modelo social. Unha vez máis falamos dun problema estrutural no que os roles de xénero impregnan o noso día a día e fano cunha violencia sutil, velada, difícil de percibir sen desenvolver un sentido crítico co sistema. A invisibili-

dade, o paradoxo da formación, a manipulación mediática e os novos procesos de comunicación son temas moi significativos de estudo á hora de analizar o freazo que se produce na evolución social das políticas feministas. Este é o problema e representa un perigo para as novas xeracións, as cales, integradas nun sistema sexista (académico, laboral, social...), tenden a reproducir as pautas comunmente aceptadas, sen ser capaces de desenvolver un espírito crítico. Esta falta de espírito crítico é o que leva á permanencia das vellas estruturas tanto na sociedade como na empresa.

A dominancia das estruturas patriarcales actúa a tódolos niveis: sociais, institucionais, simbólicos... obviando a situación real na que se atopan as mulleres e nomeando de «extremistas» e «radicais» a aqueles movementos e sectores sociais que loitan por facer visible o problema. Realmente as mulleres non escollen carreiras *duras* porque non queren, porque non están motivadas ou porque non teñen os mesmos intereses científicos ca os homes. E nós crémoslo... ■

Bibliografía:

- BRIZENDINE, L., & M. J. BUXÓ: *El cerebro femenino*, Editorial Del Nuevo Extremo, Buenos Aires, 2010.
- CABANAS, C., E. MORALES, & S. MOLINERO: *Mujeres en la alta dirección en España*, Madrid, Centro de Gobierno Corporativo Iberdrola, Fundación IE, Mutua Madrileña y PWC, 2014.
- CALVO, M.: «Se ignoran las diferencias intrínsecas entre los sexos», *El País*, (24/4/2006).
- POGGIO, S., & O. WOO: «La invisibilidad de las mujeres en la emigración hacia Estados Unidos», en S. POGGIO, & O. WOO (coords.): *Migración femenina hacia Estados Unidos*, México, Edamex, 2000, pp 7-20.
- RESKIN, B. F., & I. PDAVIC: *Men and women at work*, Thousand Oaks, CA, Pine Forge Press, 1994.
- SUBIRATS, M.: «¿Coeducación o escuela segregada? Un viejo y persistente debate», *Revista de Sociología de la Educación (RASE)*, vol. 3, núm. 1 (2010), pp. 143-158.



Entrevista a

Marta Álvarez e Braulio Vilariño

Membros da Asociación Agrocuir, organizadora do Festival Agrocuir



LAURA GÓMEZ LORENZO E NANINA SANTOS CASTROVIEJO

Andaina: Asistimos á cuarta edición do Festival Agrocuir, na Granxa Maruxa, en Monterroso. Contádenos, como xorde esta iniciativa e que pretendíades acadar con ela desde a primeira edición?

Marta: A primeira edición foi unha cousa pequeniña que empezou Braulio na Casa do Outeiro en Palas e despois pasaron un par de anos e eu organizei aquí un concerto, o Monterrosón, e entón eles pensaban facer unha cousa en Palas, algo máis grande, chamada Agrogai e chegaron aquí e acordamos converter a granxa nun espazo cultural, con carballos, vacas, etc. Así empezou a iniciativa de facelo na granxa. Nós o que queremos é a visibilización total, a interacción coa comarca, co pobo, así que pensamos en facer en Monterroso unha ruta cos bares, unha ruta Agrogai. Desde o inicio sempre houbo contido máis aló da visibilidade. Este ano centrámonos, ademais, na defensa dos bosques autóctonos e das persoas transexuais, que parecen ser as máis marxinas. É un festival anticapitalista, sen

ánimo de lucro, cobramos unha entrada moi pequena. Cómpre dicir ao respecto, que temos moita axuda de xente implicada, quen nos fixo a imaxe corporativa non cobrou nada pola Vaquicornia, que é marabillosa; a xente da música vén pola metade do caché. E contamos coa implicación da xente das poboacións de arredor, de Monterroso, de Palas, de Antas..., de toda Galicia e tamén de fóra.

Braulio. Si, porque cada vez temos máis xente de fóra de Galicia. Convén dicir, antes de nada, que nesta edición fixemos un cambio na nomenclatura.

A: Felicítovos, por certo, creo que gaña, é unha nomenclatura moito máis inclusiva!

B: Foi froito dunha reflexión e un debate, a etiqueta gai quedaba moi limitada e adscrita a un tipo de persoas nada máis, homes e neste mundo occidental, brancos e con pasta. Non! Esa é unha historia que, aínda que é necesario que exista, cómpre seguir loitando, non deixa



**Este ano centrámonos, ademais,
na defensa dos bosques
autóctonos e das persoas
transexuais, que parecen ser
as máis marxizadas**

de ser unha parte do patriarcalismo. Nós, homes, mulleres, trans, non importa de que xénero, non estamos a favor dese patriarcalismo cultural e capitalista, así que decidimos ampliar. Foi afortunado o cambio de nome, tivo unha acollida máis grande e fóra de aquí.

Temos que dicir que o festival foi obxecto de dous traballos de investigación en dúas universidades europeas, en Cardiff e en Utrecht, por parte de xente especializada en educación social e as súas dinámicas. Foi obxecto de estudo en traballos de mestrado e tese. No caso de Utrecht, unha estudante de aquí, de Paldas de Rei, e no caso de Cardiff, unha estudante de Budapest, que estivo aquí o ano pasado como voluntaria neste festival. Isto, claro está, dános renome fóra. De feito hai cada vez máis xente de diferentes lugares que está interesada en acudir e participar con nós.

O proxecto, esperamos que siga medrando e na liña de interacción; temos plans ambiciosos, que as persoas da música que participen e outra xente poidan convivir nas casas de labranza, nunha interacción coa poboación local. Nós imos ser desde aquí, desde a granxa Maruxa, ese motor e ao mesmo tempo formar parte de esa gran loita medio ambiental, porque nós queremos conservar este medio como nos foi dado. A xente que vén de fóra di, Ai, que pouco eucalipto!, pero os que somos de aquí andamos polas pistas e vemos talas masivas, talas de carballeiras centenarias enteiras, que ao final non van máis que para facer pellets. Hai que desmontar tamén as falacias desas enerxías limpas que o capitalismo pretende difundir, o pellet non é ecolóxico, porque non se está a facer con biomasa residual, senón que se tallan carballeiras centenarias para facer ese combustible que despois se vende como ecolóxico.



A: E o problema da gran cantidade e magnitude de incendios, non?

B: Efectivamente! O exemplo de Portugal é un modelo a seguir. É difícil desmontar todo este sistema deseñado en Bruxelas pola Comunidade Económica Europea, segundo o que Galicia e o norte de Portugal están destinadas a ser a reserva de pasta de papel, acabando con boa parte do sector primario, que é importantísimo. Agora só subsisten os moi grandes ou xente que loita e se reinventa, como Marta, que produce ecolóxico. Hai outras poucas explotacións aquí, na Ulloa.





[...] Galicia e o norte de Portugal están destinadas a ser a reserva de pasta de papel, acabando con boa parte do sector primario, que é importantísimo

Sempre tivemos os mellores pastos e terras de labradío, pola nosa orografía, simplemente, porque permite ter grandes pradeiras e pencheira, ou sexa con bosque e con terras de labradío onde se produce cereal. Estase invadindo para o cultivo masivo, para esas grandes SATS, que son as únicas que poden sobrevivir, con catrocentas vacas encerradas nunha corte, ás que se lles está dando millo transxénico e pensos elaborados desa forma. Nós queremos dar un paso atrás ou parar, que é o que está pasando en moitos outros lugares do mundo, volver ao tempo dos avós, no que a maneira de vivir e de traballar era racional e estaba en harmonía co medio natural.

A: Ou sexa, diversidade para as persoas, biodiversidade e agrodiversidade para o medio, non?

M: Si, niso tamén cómpre demostrar co exemplo que con corenta vacas se pode vivir, non fai falta ter moitísimo, escravizarse a unha mesma e escravizar as vacas. Levo dezasete anos traballando na granxa, inicialmente

non tiña horas, sabes?, despois decateime de que facer as cousas como as facían os nosos avós supón un paso adiante.

Por exemplo, no tema da ecoloxía, na comarca da Ulloa o que se está a facer é realmente impresionante. Está Arqueixal, un proxecto de ecoaldea, que tamén fai o festival «Son de aldea». Están as rapazas de Milhulloa, unha cooperativa de plantas medicinais, que foron as primeiras en deshidratar grelos. As leis que hai agora en Galicia para plantas medicinais témolas grazas a elas, porque foron unhas pioneiras. A Horta do Teodoro, con porco celta... É unha comarca pequena, pero na que se dan moitísimos proxectos. Somos moitas mulleres as que estamos á fronte dos negocios ou explotacións. A deputación fai campus sostibles, de emprendemento e vén xente de toda a comarca e acabamos todos comendo na Parada das Bestas, que é outro exemplo de como o turismo e a hostalería poden xestionarse dunha maneira diferente, rendible e ademais atractiva e diversa. Entón a xente sae de aquí cun chute...! [risas]

B: Si, mira, estamos creando un modelo territorial. O despoboamento de Galicia levounos a isto, a que concellos de Galicia que tiñan unha gran poboación quedasen arrasados en corenta anos. É necesario crear uns modelos territoriais diferentes. Intentouse nun momento por parte do Goberno galego crear eses novos



centros comarcais e comarcas, algunhas son naturais e outras artificiais, ou os plans do GDR [Grupo de Desenvolvemento Rural], que a nós metéronnos con Chantada, que vale, estamos preto, pero non somos a Ribeira Sacra, non? Queremos dar imaxe de modelo territorial, dunha maneira de vivir e convivir todos e facelo visible e exemplar para o resto de Galicia. Outra cousa que recentemente creamos foi o Instituto de Estudos Ulloáns, no que a partir do estudo da historia, da etnografía, do noso patrimonio artístico, pretendemos preservar, poñer en valor e difundir ese patrimonio. E niso estamos traballando arreo, pero moi a gusto e sendo modelo. De feito din, que pasa na Ulloa? Mira, aquí é o pico da espiral, aquí empeza todo! [risas]

M: É verdade, de feito, moita xente que fai o Camiño..., aquí no colectivo temos a dúas mulleres, Gina e Laura, unha alacantina e outra arxentina, atopáronse no Camiño e quedaron aquí. E coma elas, máis xente... Esta zona ten algo que atrae.

A: Entón o Agrocuir e mais o Instituto de Estudos Ulloáns parten dun colectivo?

B: Non, o Agrocuir parte do colectivo, pero tanto o colectivo como as persoas que o integramos tamén estamos noutros proxectos. Por exemplo, Marta está noutros proxectos de desenvolvemento económico e

A Ulloa, polo que conta a xente segundo as súas experiencias, amigos que non son de aquí e que veñen ou están aquí, é un territorio diferente, é moi aberto

creativo e eu, como prexubileta, estou máis no aspecto cultural [risas].

A: Como acolleu a xente da comarca o festival?

M: Pois maravillosamente. O primeiro ano, cando empezamos a pedir colaboración nos bares... era un pouco, uf!, a ver!, é unha festa gai... E foi unha acollida..., como nos coñecen, que levamos aquí toda a vida...

B: Porque é o que hai que facer ver! A Ulloa, polo que conta a xente segundo as súas experiencias, amigos que non son de aquí e que veñen ou están aquí, é un territorio diferente, é moi aberto. Pode ter que ver con que é un territorio que leva séculos sendo transitado por xentes, hai unha nobreza no sentimento, isto foi o berce do reino de Galicia, o primeiro reino moderno, houbo unha fidalguía que tamén tivo moito que ver coa cultura, impulsora dunha maneira de vivir diferente, non foi dos territorios máis castigados polos foros, precisamente porque había unha fidalguía que se sentía moi

solidaria co pobo... e iso deixou un pouso. E, ademais, a propia orografía condiciona; aquí sempre hai horizonte, hai sitios agochadiños, pero hai horizonte, perspectiva visual. Iso é moi diferente dun val, no que o que se ve é a ladeira de enfronte. Entón, o comportamento da xente de aquí esta a ser xenial, os nenos, os maiores... Porque si, vén moita xente de fóra, pero que os de aquí veñan e estean cos seus nenos, cos seus maiores é moi bonito. Aquí nunca percibimos homofobia.

A: Iso é porque vós estades moi ben integrados.

B: Nós estamos ben integrados na sociedade. E logo no meu caso, eu nunca fun militante, pero sempre fun por diante coa miña causa, non? Non era o abandeirado, pero sempre fun abrindo camiños, estando seguro de min. Iso fai que a xente te perciba doutra maneira. Esa cuestión xenérica queda de lado, o importante é que fas como persoa, como vives, como compartes. Nós temos unha historia de participar en todo, somos dos que imos tomar os viños, aos enterros, ás festas...

A: Estades integrados, vivides e traballades aquí, con raíces familiares...

B: Con raíces familiares, de xeracións, con nomes de casa, de que casa somos....

A: E nunca percibistes ningún indicio...

B: Non, a verdade, non. Porque podería mesmo ser así nun ton de broma, xogando coa broma. Pero iso

Quizais, se chega un momento en que precisamos un *sponsor* que sexa unha marca de consumo, xa veremos, se podemos seguir nós, aínda que dá traballo, será a liña a seguir

nótase, non hai hostilidade. As bromas moitas veces provócoas eu. Por exemplo, estou con ese colectivo de súper machos cazadores de xabaríns e dinme, «boh, nós non che imos ghustar porque somos cazadores!» e eu dígolles, «si, si, eu tamén son cazador!», «como?!», «si, si, o que pasa e que eu só cazo homes!» [risas]. Entón xa se afán a broma. Ou dígolle a algún, «pero que penso che dá a muller na casa, estáste poñendo coma un xabarín!, que barrighiña!» e tócolle a barrighiña e o cu e rimos. Un día estaba na peixería en Palas e chegou un que ten aí un establecemento e tamén viña comprar o peixe e dime, «e logho que, Braulio, estás de compras? E logho ti cando casas?», entón dígolle, «e logho vas divorciar ou...?», e el, «eu?, noon!», e eu, «ah!, pois ata que ti divorcies non caso, porque eu quero casar contigo». Boeno, as mulleres que estaban alí, «toma!», «estívoche ben!», «viñéchelas buscar!» [risas]. E iso favorece...





A: Totalmente, vai normalizando. Que diferenzas marca-riades nas edicións desde a primeira?

B: Ai, mira, o número de xente que vén de fóra, cada máis xente de fóra...

A: De fóra da Ulloa ou de fóra de Galicia?

B: De fóra da Ulloa e de fóra de Galicia: de Albacete, de Madrid xa vén un grupo desde hai tres anos que, ademais participa voluntariamente, xente moi diversa que está en Madrid en proxectos alternativos. De Barcelona, o mesmo, xente que está no escola de cine, que nos axuda con todo, un grupiño de xente inglesa, tamén unha parella de mulleres inglesas, maiores, que teñen unha casa na Ribeira Sacra —por certo, aínda non as vin—, veñen co seu pícnic, convidan á xente a pasteis e cada ano traen amigos diferentes. Despois, segue sendo presenza maioritariamente feminina. Nenas e nenos, tamén cada vez hai máis. De feito, este ano a Escola Semente fai uns obradoiros para a rapazada. Así vai medrando, pero nesa liña, nin se converte nun lugar masificado nin de observación morbosa. É un espazo de convivencia.

A: Por certo, cal é o nome do colectivo?

B: Agrocuir da Ulloa, legalizado, co nome rexistrado..., constituído como unha asociación cultural sen ánimo de lucro.

A: En canto a axudas...?

B: Non temos subvencións nin axudas. Tivemos unha pequena subvención da área de cultura da Deputación de Lugo, foi unha achega mínima, cincocentos euros, pero todo é benvido, eh? Pero tampouco queremos estar condicionados. Así temos as mans e a boca libres para facer e dicir o que queiramos. O Concello de aquí, de Monterroso, é o único dos tres da comarca que se implica un pouco, polo menos deixa facer e pon esas cousas de infraestrutura que precisamos, mesas, cadeiras, os baños portátiles, o alumeadado e os espazos que nos deixa de publicidade. Quizais, se chega un momen-

to en que precisamos un *sponsor* que sexa unha marca de consumo, xa veremos, se podemos seguir nós, aínda que dá traballo, será a liña a seguir.

A: Sustentable como a propia iniciativa! E vós como recibistes este interese de xente de fóra.

B: Sorpréndenos que fóra estea a ser visto como un proxecto revolucionario. Pasa o de sempre, que aquí parece do máis normal e desde fóra de España estase vendo con asombro que un evento deste tipo sexa un axente de transformación social e con este aspecto lúdico.

A: Que relación tedes con sindicatos e partidos políticos e que reacción houbo e hai de sindicatos e partidos políticos a todo isto?

M: A ver, nós, somos independentes. Despois da primeira edición do festival, chamáronnos de Lalín para que lles axudásemos a montar o cocido gai, tivemos algunhas xuntanzas, pero sen ningún tipo de implicación máis. Tamén temos boa relación co Sindicato Labrego Galego, por vinculación co sector lácteo e a defensa do territorio, sen máis. As reaccións, positivísimas, todas. O que queremos é que esta iniciativa sexa exponencial, que cantos máis eventos haxa deste tipo, mellor e que cada un teña a súa personalidade.

A: A comunicación no colectivo segue sendo fluída?

M: Si, está moi ben, sempre hai debate, nervios de última hora, pero cada quen aporta o seu, xente de todas as idades e diferentes tendencias sexuais...

A: Cantas persoas formades parte?

M: A miña irmá, 55 anos, hetero, a miña sobriña, de 23, hetero, Gina e Laura, que son parella, como comentamos antes coñecéronse aquí facendo o Camiño, Braulio, de Palas de Guei, Luisa, hetero, 45 anos... Como vedes, disparidade, trátase de apoiarnos e dar ideas.

A: Pois parabéns, que continúe moitos anos!

M: Moitas grazas! [risas] ■

QUANDO DESCOBRI QUE ERA (E SOU) UMA ORQUÍDEA NUM CAMPO DE ROSAS

História (muito resumida) de uma
mulher Rokitansky

ANA SOUTO VILLANUSTRE (VAGALUME)

Imagino que todas as pessoas acabam por ter alguma espécie de segredo que não se atrevem a contar por medo de serem julgadas. O pior é a sensação de quererem esquecer o *peso* desse segredo e não acreditarem em serem capazes de o fazer por medo das consequências de abrirem a porta das suas próprias gaiolas. Essa dicotomia entre o desejo de liberdade e a predileção pela segurança. A pesar de nos esforçarmos em fazer de um segredo um elemento natural das nossas vidas, todo pássaro, mais cedo ou mais tarde, precisa de estender as asas para estas não ficarem amarrotadas atrás dos barrotes. Falo da experiência, como mulher que durante quatro anos tentou ocultar

parte da sua essência por receio de ser rejeitada pelos demais, até que, não fui capaz de continuar a trair-me. O feito de estar a esconder esse segredo também implicava renegar parte de mim e, em consequência, não poder ser eu mesma. Porquê ter de me envergonhar de ser uma mulher Rokitansky?

A verdade é que com 15 anos de idade não foi nada fácil saber que tinha nascido com um útero demasiado pequeno para alojar uma nova vida no seu interior, mas essa não tinha sido a única notícia pouco afortunada, também se somava uma vagina pouco profunda para poder ter relações sexuais. Eu olhava-me no espelho e no meu reflexo não podia evitar ver uma mulher in-



completa, que além de não conseguir trazer vida ao mundo também não podia gozar dos prazeres naturais que o sexo proporciona. A cada novo olhar no espelho, reparava em como a escuridão me engolia cada vez mais. Uma espécie de mão invisível puxava por mim, como se me quisesse afundar nas profundezas desse vazio que me atormentava de dia e me impedia de dormir nas noites de insônia e pesadelos. Quantas vezes, de facto, não terei ensopado em lágrimas a almofada, com vontade de afogar os choros mudos no meu quarto, para que o meu irmão, do outro lado da parede, não pudesse reparar que algo não estava bem comigo.

Naquele tempo eu odiava-me, com todas as minhas forças, milhares de perguntas rondavam a minha cabeça. Todas elas podiam ser resumidas numa: «Porquê eu?». Sentia-me uma espécie de «bicho estranho», um ser único no universo, uma entre cinco mil mulheres (como se em realidade fosse a única). O pior era a angústia de não o poder partilhar, de não poder berrar ao mundo «sou mulher Rokitansky» até ficar sem voz. Escolhi esconder-me, optei

por me encerrar no meu mundo e me deixar pegar pelas folhas dos romances que devorava em questão de dias ou mesmo horas. Ali eu sentia-me protegida, nada de mau me podia acontecer entre as linhas de tinta preta nas que qualquer pessoa é aceite.

O mundo exterior era aquele que me intimidava. Não era para mim, com as suas etiquetas impostas que, de forma implícita, me definiam como mulher de segunda categoria: 1) por não poder ficar grávida; e 2) por não poder dar prazer a um homem como seria de esperar numa relação heterossexual. Talvez essas ideias, esses pensamentos produto dos altos níveis de toxicidade da sociedade, acabavam por ser os meus maiores inimigos. Como é que me ocorria isso de medir a minha valia em função dos centímetros da minha vagina? Por não falar do retrógrado facto de me preocupar mais pelo prazer que poderia ou não poderia vir a dar, como se o meu corpo tivesse sido desenhado unicamente para servir a um homem. Quiçá essas ideias pouco saudáveis tivessem a sua origem naquele comentário do senhor doutor: «Não

podes ter relações sexuais se não te sujeitares a um tratamento».

Era mesmo inocente... Naquela altura eu acreditei que as suas palavras guardavam verdades absolutas e que o melhor seria ter uma vida afastada de qualquer rapaz da minha idade, para evitar assim ter de dar explicações sobre o meu corpo diferente ao do resto de mulheres. Mas, como é que não podia ter relações sexuais? Por acaso não existem montes de formas de dar e receber prazer? Na nossa sociedade parece que se não há penetração então não chegou a haver uma relação sexual. Uma afirmação completamente errada. Não há formas corretas ou incorretas de ter sexo. De facto, impor uma única forma de sexo é incompatível com a própria definição do sexo. A sexualidade, desde o meu ponto de vista, é um verdadeiro ato de liberdade que não só serve para descobrir outra pessoa, mas também para (re)descobrirmo-nos. Existem tantas formas de sexo como o número de combinações de pessoas que possa haver no mundo, já que cada um de nós encontra prazer em coisas diferentes. Porquê limitar o ato sexual ao coito?

Durante muito tempo, demasiado, senti que era inferior ao resto das mulheres por realmente acreditar não ser capaz de dar prazer a alguém e não ter sequer um corpo o suficientemente apto. Quão errada estava... A qualidade do sexo, da mesma forma que não está ligada ao tamanho do pénis de um homem, também não deveria depender completamente da profundidade da vagina de uma mulher. Evidentemente tenho de aceitar que o meu corpo era diferente, mas o diferente não tem de ser visto necessariamente como algo de mau. Por acaso o sexo não se trata de se moldar mutuamente, de que dois corpos se complementem e se competrem até se fusionarem num só? O sexo é um processo de conhecimento, de enriquecimento e de adaptação. Mesmo se tivesse nascido com uma vagina de medida média, isso não estaria a garantir o clímax ao deitar-me com um rapaz.



Dei-me conta de que para os outros me aceitassem primeiro tinha de ser eu a ver-me com bons olhos: «muda a forma de ver as coisas para as coisas mudarem de forma»

Quando recordo o meu passado, fico contente de ter deixado de ser a rapariga adolescente cheia de medo que não contemplava a possibilidade de viver o amor e o sexo em primeira pessoa. Até que apareceu esse primeiro rapaz ao que tive que acabar por lhe contar tudo. A ele seguiu uma segunda relação novamente com o amor como protagonista. Naquela altura achava que não seria capaz de me deitar com um rapaz que não tiver o título de namorado impresso. O amor era a minha área de conforto, o meu salvo-conduto para revelar o meu segredo a quem eu considerava que tinha de conhece-lo devido à pressão das circunstâncias. Uma faca de dois gumes, pois a minha aceitação estava baseada na aceitação da outra pessoa. Caía no erro de me querer simplesmente pelo facto de um rapaz ter decidido estar com alguém (tão merdas) como eu. Sem embargo, uma vez que ele desaparecia da minha vida eu voltava a topar-me contra um muro de concreto, tingido do mais profundo e frio dos azeviches. A pesar de me dar de forte, infelizmente, era uma pessoa que nutria a minha autoestima em base à presença de um homem na minha vida.

Passar a estar sozinha —não ter um par à minha beira— foi se calhar o elemento detonante que me fez mudar de perspectiva, o fator que me obrigou a redesenhar o reflexo que aparecia impresso no espelho cada vez que tinha a coragem de o contemplar. Virei dona da paleta de cores da minha vida e com um pincel na mão comecei a pintar aquele retrato no que ainda continuo a trabalhar. A dose de força inesperada talvez brotou da raiva que sentia por seguir a ter medo depois de quatro anos a conhecer essa característica que forma parte de mim. Dei-me conta de que para os outros me aceitassem primeiro tinha de ser eu a ver-me com bons olhos: «muda a forma de ver as coisas para as coisas mudarem de forma», uma frase da que sempre gostei imenso. Porém, pôr em prática não é bem tão fácil, mas sim o início. Se algo me

tem causado verdadeiro dano foi esse auto-ódio capaz de ficar embutido nas profundezas do meu ser. Já houve amigos, pares e conhecidos a provocarem-me verdadeira dor com os seus comentários, mas essas são as feridas que acabam por curar passado um tempo. Quando és tu a atirar a ti mesma, então tens a capacidade de criar feridas das que emana sangue constantemente. Eu era a única a pôr fim a isso.

Não podia continuar a viver assim. Porquê atirar à cara ser mulher Rokitansky se não é algo que dependa de mim? Há pessoas com lunares por todo o corpo; outras têm sardas no verão; e há outras pessoas (mulheres) que formamos parte do coletivo de orquídeas do jardim em lugar de sermos rosas. Todas nós flores, no fim, com as nossas pétalas, folhas e caules. De cores variáveis e fragrâncias diferentes, mas plantas igualmente bonitas, válidas e fortes. Precisava de me ver com a mesma naturalidade com a que desejava ser vista pelo resto de gente, assim que a mudança tinha de começar em mim. Assumir, também, que nem tudo o mundo seria capaz de perceber, que haveria pessoas que continuariam a olhar-me de *lado*, como a esse bicho estranho que já me senti. Mas a pesar de tudo, não permitir que a rejeição dos outros acabasse por determinar a percepção que eu for ter da minha pessoa. Troquei a cor preta de Rokitansky pelo violeta da liberdade e a luta, aprendi a lhe ter carinho e, sobretudo, a fazer disso uma característica minha e não uma falha.

Após quatro anos de luta, de cair e de me levantar uma e outra vez para me poder impulsionar mais forte, acabou por tornar real aquilo que aos 15 anos era uma utopia: operar-me. Tinha tentado criar uma neovagina com dilataadores, só que além de não ter conseguido nenhum tipo de resultado positivo, o tratamento tinha começado a fazer-se sentir a nível psicológico devido à impotência de não poder mudar o meu corpo apesar de ter em minhas mãos a suposta solução (a dor física de

ter de pôr um dilatador 20 minutos cada manhã e cada noite era demasiado dura). No Estado espanhol, em terras catalãs, ofereceram-me a oportunidade de ser operada. A minha primeira viagem a Barcelona ocorreu no verão de 2015 e naquele tempo augurava-se que teria de esperar um ano. Uma mistura de sentimentos... Por um lado, êxtase por saber que de ali a pouco estaria numa sala de operações e, por outro lado, ter noção de que aquele ano seria mesmo eterno. Provavelmente esse foi outro dos incentivos que me impulsou a ser eu cirurgiã e pegar em um bisturi invisível baseado no amor próprio e aceitação da minha pessoa. A cirurgia podia esperar, mas o amor para mim era imperativo.

A sorte esteve do meu lado e quando menos estava à espera, em novembro de 2015, recebi uma chamada de telefone do Mediterrâneo. Tinha sido selecionada para formar parte de um congresso no mês de dezembro no qual viria a ser uma das afortunadas às que operariam. Assim que recebi a boa notícia não pude evitar chorar, com a mesma força com a que chorei quando acordei após ser operada e vivi uma espécie de *flashback* ao lembrar-me do longo caminho percorrido. Em adolescente pensava que nunca conseguiria querer-me, por não ter um corpo *normal*, mas estava errada. Em Barcelona assinei a minha liberdade.

Quando já tinham passado vários meses desde que fui operada, nem tudo era cor orquídea... Pensava que os dias em baixo acabariam por desaparecer, só que havia manhãs em que acordava rodeada de uma espécie de bruma, um desânimo que pegava fundo e não sabia como apagar. Como a minha vagina foi criada em uma sala de operações e por tratar-se de um músculo que da mesma forma que estica também volta à sua forma inicial, tenho de pôr um dilatador de silicone. Antes punha grande parte do dia (ou como mínimo, toda a noite). Havia momentos em que desejava poder arrancar isso que levava entre as pernas e lançá-lo através da jane-

la, sobretudo quando estava a sentir muita dor. Quando passava várias horas sem ele dentro não podia evitar sentir-me culpada, por não ser capaz de estar com ele o dia inteiro, além de ter medo de que a vagina acabasse por fechar e depois não conseguir voltar ao pôr.

No fundo sei que nunca estive demasiado com ele fora para estragar toda uma cirurgia (além de que o melhor dilatador é ter relações sexuais). Aquilo que talvez mais me afeita é o facto de pensar que é algo para a vida. Porque se algo é certo, a pesar do bom que possa ser o sexo, não posso depender do sexo como tratamento. Não preciso de arranjar namorado, posso ter relações com outras pessoas sem estar a namorar, mas de forma alguma deveria criar dependência com o sexo só por fugir do dilatador. Não seria saudável... Tenho de assumir a minha realidade... Há mulheres com períodos mais longos do que a média e elas têm de lidar com tampões e toalhas absorventes, não é? Eu, que não tenho o período e nunca vou ter, tenho de me habituar ao meu dilatador da mesma forma que outras mulheres se habituam a outras coisas naturais e características do tipo de mulher que são.

Suponho que esse dilatador está a dizer-me que a cada dia que sou diferente. Ainda que tenha dias nos que volto aquela fase adolescente de me querer esconder nas sombras, também uma recordação, essa tatuagem que gostaria de levar na pele de «mulher orquídea», com orgulho. E então ouço na minha cabeça essa frase de *Alicia no País das Maravilhas*: «voltar ao ontem não tem utilidade, porque então era uma pessoa diferente». Se bem é verdade que não podemos viver indefinidamente no passado, eu sou dessas pessoas a acreditarem que o ponto de partido ajuda-nos a fazer compreender melhor o caminho que já temos percorrido até chegar ao lugar atual em que nos encontramos e, além de tudo, poder sentirmo-nos orgulhosos da nossa evolução. Por isso continuo a me emocionar quando penso naquela rapariga

Virei dona da paleta de cores da minha vida e com um pincel na mão comecei a pintar aquele retrato no que ainda continuo a trabalhar

assustada e perdida que se pensava incapaz de aderir-se ao mundo e que agora, muito pelo contrário, luta por ajudar aquelas mulheres com medo a voarem ao compasso do vento. Com falhas, virtudes, defeitos ou características congénitas como a minha, todas as mulheres somos igual de válidas.

Teria gostado de poder tomar um café com a Ana do passado ou, simplesmente, ter-lhe dado um abraço e sussurrar ao ouvido: «Tudo vai correr bem, tem paciência». Por isso que decidi romper o silêncio e com as minhas palavras e as vozes de outras pessoas a se somarem à minha, normalizar algo que na realidade deveria ser visto com naturalidade. Rokitansky, evidentemente, suscita problemas, mas tem solução e seria muito mais fácil lidar com algo assim com a compressão da gente que rodeia a cada nova mulher diagnosticada. Porque, de qualquer forma, as orquídeas somos igual de bonitas que as rosas do jardim, não é?

Se és uma mulher Rokitansky como eu, não hesites em me escrever, já não estás sozinha. A partir deste momento tens o apoio incondicional de uma irmã de lita com vontade de te ajudar. Se és uma pessoa que acaba de descobrir a existência da Síndrome de Rokitansky e desejas ter mais informações, também podes contactar-me e resolverei qualquer dúvida ou curiosidade. Não tenhas medo de me fazer perguntas por ahares que me vãs incomodar ou magoar, estás à vontade. ■

Facebook: Ana Souto Vagalume
E-mail: ansoutvi@gmail.com
Blog: <https://mujeresrokitansky.wordpress.com/>

Xohana Torres, relatora das voces das mulleres

MARILAR ALEIXANDRE

Xohana é unha das relatoras das voces do mundo, mais en particular é relatora das voces das mulleres

Finaliza Xohana Torres o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, en 2001, cunha homenaxe ás avoas «gardianas dunha lingua secular, débeda que nunca pagaremos. Son as sibilas de Antoine de La Sale, relatoras de todas as voces do mundo.» (p. 25). Nesta estirpe a poeta inscribe Lola, avoa do Avia, invocada como «Sibila en Ribadavia», a quen está dedicado o seu último poemario, *Elexías a Lola*, reescrita da segunda parte de *Estacións ao mar* (1980), á que se engaden novos poemas de 2016.

Xohana é unha das relatoras das voces do mundo, mais en particular é relatora das voces das mulleres. A identificación coas voces das mulleres atravesava tanto a súa obra poética e narrativa, como o ensaio e as súas inxerencias persoais. Xa no seu primeiro poemario, *Do sulco*, o texto «Nai» dá conta do modo en que a visión do mundo e de

si mesma da filla está construída a través dos ollos da nai, sen os que «miña historia non ten ollos»:

Nai, onte laveiche os ollos. E na
[palma mollada
repousaron aquelas tardes, a fita
[dunha vida mellor.

Ollos da miña nai. Cobizos de lareira
[sempre ao fogo.
¡Seica os ventos vos perden ou vos
[choran!

Sen eles, miña historia non ten ollos.

No poema tamén abrolla a tensión entre a filla que escapa dos vencellos coa nai, «corrín a ser muller», e a nai. Símbolo destes vencellos rotos é a perdida «fita roxa que me chamaba nena». Dese mesmo libro, o poema «A chuvia», un canto á súa avoa, ás voces das mulleres, das nenas, finaliza deste modo:

Voces. Voces. Escoitémolas todas;
tiña voces o chan como rosarios
[vibrando na lareira.



Xohana Torres, na toma de posesión como membro da Real Academia Galega

Voces. O canto das meniñas era
 [prego: «¡Que chova,
 mila Virxe da Cova! ¡Que chóvaaa!
 ¡Baixa, arco da vella!».

Chuvia. Con zocos pola lama dos
 [carreiros
 Con pulos e berros das nenas.

Ceos doces. Canción. ¡Leite vital da
 [Terra!
 Xa vedes. O leite vinculeiro de avoas
 [e de netas.

Na poesía das autoras galegas posteriores a Xohana as avoas, para alén da memoria familiar, representan como Lola as antecesoras, a xinea na que as poetas se recoñecen, o «leite vinculeiro». Esta homenaxe ás avoas constitúe tamén unha forma de tirar as mulleres dos espazos de invisibilidade para o lugar que lles corresponde nas historias, na Historia. Sen a pretensión de ser exhaustiva, talvez dous libros nos que este empeño resulta máis transparente

son *Setembro*, de Marta Dacosta (1998), e *Arden*, de Ana Romaní (1998), ambos os dous dedicados ás súas avoas. *Setembro*, á memoria de Saladina Ortega e a «todas as mulleres da familia», mulleres «cunha dor tan profunda nas rodeiras dos labios». Marta Dacosta volverá en 2017 sobre esta relación no libro *A casa da avoa*. En *Arden*, Ana Romaní, unha das poetas nas que a influencia de Xohana Torres é máis evidente, tece varios fíos, o das mulleres escritoras, en poemas como «En novembro tamén o zume dilata», o das baleas, mamíferas en feminino, e o das lembranzas da súa brava avoa Manuela Gómez, construíndo con eles a «miña liñaxe incendiaria». As avoas e antepasadas que gardan a lingua secular, enlazadas coa Lola de Xohana Torres, son invocadas tamén nos poemas e textos de autopoética de Eva Veiga, Chus Pato, Antía Otero ou Dores Tembrás.


O poema máis citado de Xohana Torres é «Penélope», do libro *Tempo de ría* (1992), que finaliza co verso «EU TAMÉN NAVEGAR», considerado con razón unha proclama feminista. Porén, na miña opinión, é en poemas escritos posteriormente, como «Ofelia», e nas *Elexías a Lola*, onde a perspectiva feminista da autora e a identificación coas voces das mulleres emerxe con máis intensidade. Pois *Tempo de ría* xira en grande medida arredor das epifanías suscitadas na poeta polas amadas paisaxes, as súas Illas, con maiúscula, os areais de Barra, as Cíes, «PERCHÉ TANTA BELLEZZA, SIGNORE, CHE DURA COSÍ POCO?», tal como eran nos anos oitenta, pois, avisa a poeta «Non se debe volver ás praias virxes / onde fomos queridas noutro tempo». «Ofelia», publicado na *Revista das Letras* do desaparecido *O Correo Galego* en 2000, e recollido en 2004 na *Poesía reunida*, socava de maneira sutil os mitos do amor romántico que configuran unha muller silenciosa / silenciada e sometida, revelando a morte agochada nel, «Dese modo o amor case nos mata»:

Todas morremos no curso que
 [é a vida,
 nós mesmas, expoliadas na vixilia,
 o sol que se demora nos marmelos,
 entrar na sombra, vulnerar a noite.

Doente e soa, ao límite do ocaso,
 terás un ceo duro, sen estrelas,
 podes romper a luz como unha
 [rama:
 na escuridade brillarán teus ollos.
 Perdida, Ofelia, como un río de
 [rosas.

Un indicio da relevancia que tiña «Ofelia» para Xohana Torres é que forma parte da selección de cinco poemas escollidos por ela en 2010 para seren traducidos ao inglés e ao gaélico na antoloxía *To the winds our sails*.

No poemario *As amantes de Hamlet* (2003) Marta Dacosta vai uns pasos máis alá: quen mata non é o amor, senón o amante. Hamlet é representado como un maltratador, non só de Ofelia, senón dun coro de mulleres empeñadas en lavar unha e outra vez a roupa manchada de sangue.



No inicio do seu discurso de ingreso na RAG afirma Xohana: «tamén neste acto están implicadas numerosas escritoras que hai tempo irromperon con forza na nosa literatura. As mulleres sostemos a metade do ceo. Estaremos, pois, a agardalas.» (p. 9). A espera foi longa. Xohana foi a terceira muller en ingresar na RAG (sen contar Francisca Herrera, falecida antes de ler o seu discurso de ingreso), e as mulleres seguiron entrando con desesperante lentitude, a cuarta, Rosario Álvarez, en 2003, a quinta, Margarita Ledo, en 2009, a sexta Fina Casalderrey, en 2013. Cando a sétima, autora deste texto, foille levar o seu último libro de poemas en abril deste ano, Xohana preguntou: «E agora, contigo, cantas mulleres estamos na academia?». Das 174 persoas académicas desde 1905, unicamente hai 9 mulleres. «Ah, para as mulleres todo é moi difícil! —continuou—. É terrible. A min por *Adiós, María* déronme [aceno coa man] canto quixeron».

Creo non ser a única en relacionar a retirada de Xohana Torres dos espazos públicos a partir dos anos setenta coas inxustas críticas á novela. Porén, é un texto de grande modernidade, por moitas razóns, tanto estilísticas, como por ser a primeira novela que fala desde a Galicia urbana, e por facelo en voz de muller. Unha novela que reflicte o

fondo compromiso lingüístico da autora, non só por estar escrita en galego, senón porque Maxa, a protagonista, constrúe, como analiza Helena González (2010), a súa identidade na conciencia da linguaxe, en palabras de González é un «corpo de linguaxe». O tratamento da literatura das mulleres por parte da crítica excede este pequeno artigo, mais cómpre apuntar á responsabilidade de quen contribuíron a manter afastada unha das voces máis singulares da literatura galega. Lembremos que nos anos sesenta Xohana dirixiu «Raíz e tempo» en La Voz de Vigo, o primeiro programa cultural da radio en galego.

Se ao inicio falabamos das sibilas, podemos concluir que a Sibila galega foi Xohana. Pola resonancia dos seus cantos. Polo ton vaticinador dos seus poemas, ao que se refire Carmen Blanco, reseñando *Estacións ao mar*. Pola súa irreductíbel independencia. A Sibila da mitoloxía grega pagou un alto prezo por non se someter a Apolo, que quería posuíla: foille concedida a inmortalidade, mais non manterse nova. Prezos que as sibilas pagan por seren elas mesmas. ■

Referencias:

- BLANCO, C.: «Estacións ao mar, por Xohana Torres», *Grial*, 71 (1981), páxs. 108-111. (http://www.poesiagalega.org/uploads/media/blanco_1981_torres.pdf en [poesiagalega.org](http://www.poesiagalega.org))
- DACOSTA, M.: *Setembro*, Vigo, Galaxia, 1998.
- *As amantes de Hamlet*, A Coruña, Espiral Maior, 2003.
- *Na casa da avoa*, Vigo, Galaxia, 2017.
- GONZÁLEZ, H.: «Unha lectura comparada de *Adiós María*», [culturagalega.org](http://www.culturagalega.org) (<http://www.culturagalega.org/album/docs/Helena%20Gonzalez.pdf>), 2010.
- O'DONNELL, M., e M. PALACIOS (eds.): *To the winds our sails: Irish writers translate Galician poets*, Cliffs of Moher, Salmon Poetry, 2010.
- ROMANÍ, A.: *Arden*, A Coruña, Espiral Maior, 1998.
- TORRES, X.: *Do sulco*, Vigo, Galaxia, 1957.
- *Adiós, María*, Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1971.
- *Estacións ao mar*, Vigo, Galaxia, 1980.
- *Tempo de ría*, A Coruña, Espiral Maior, 1992.
- *Eu tamén navegar. Discurso de ingreso na Real Academia Galega*, A Coruña, RAG (en <http://academia.gal/documentos/10157/27090/Xohana+Torres.pdf>), 2001.
- *Poesía reunida (1957-2001)*, Santiago de Compostela, PEN Clube de Galicia / Danú, 2004.
- *Elexias a Lola*, Vigo, Engaiolarte, 2016.

ROSA MARÍA LOJO



Imaxe de V. Padrú

PATRICIA ARIAS CHACHERO

Andaina: Unha novelista de éxito en Arxentina, que ten recollido unha multitude de premios no seu país e que se ten convertido en obxecto de estudo en varias teses, pero practicamente descoñecida en España. Como vive isto Rosa María Lojo?

Rosa María Lojo: En realidade, non sei moi ben o porqué desta situación. Quizais non haxa un motivo concreto. É doado acceder as miñas novelas ou a miña obra como estudosa da literatura, en internet ou en e-book, a través das novas tecnoloxías, pero aquí é imposible mercar un libro meu en papel, nunha librería. Danse situacións moi paradoxais. É certo, a situación non deixa de ser curiosa. Escribo en español, pero non podo ser lida nesa lingua en España. Aquí só teño dúas obras publicadas, ambas en galego *A fin da terra* (Galaxia,

2006) e *O libro das Seniguais e do único Senigual* (Galaxia, 2010). Por iso estou aquí, en Santiago de Compostela, para dar a coñecer a miña obra. Nesta ocasión, fágoo en compañía da miña filla, Leonor Beuter, que é a autora das ilustracións d'*O libro das Seniguais*.

Por outra banda, naturalmente, para min é unha satisfacción enorme que o meu traballo sexa recoñecido no meu país e que a miña obra se traduza en lugares tan afastados como Tailandia, Estados Unidos, Canadá ou Italia. É un mundo ao revés. Por certo, a tradutora ao tailandés fixo a tese de doutoramento sobre a miña obra aquí, na Universidade de Salamanca. E despois publicou a tradución do seu traballo en Bangkok, nunha editorial preciosa, incluso gañou un premio nacional de tradución en Tailandia. Iso é importante.

A: Parece que nas túas novelas non hai un discurso feminista explícito, pero si un compromiso permanente coa muller, coa súa historia. Isto é así?

RML: Si, estou convencida de que o mellor discurso é a acción. Paréceme que as lectoras e os lectores están cansos de retórica e proclamas. É importante a maneira en que os personaxes actúan. Diría que en realidade sempre hai unha, ou mellor varias, mensaxes feministas nos meus libros. Vese na maneira en que as personaxes actúan, na maneira en que deciden sobre as súas vidas, en que logran unha autonomía. Tratan de negociar coas súas propias contradicións e coas da sociedade na que viven. Creo que canto máis se di explicitamente e se insiste nunha cousa, menos forza literaria ten. Como artista a min non me interesa facer explícita esa condición das mulleres. A miñas personaxes deben actuar. Por iso, a presenza de tantas mulleres nas miñas obras non é azar, é escolla. Interésanme as mulleres que falen por si mesmas, como axentes e suxeitos históricos.

A: Unha das súas novelas máis coñecidas, *Las libres del sur*, describe a vida de Victoria Ocampo, a creadora da revista *Sur*. Que representa esta muller?

RML: Victoria Ocampo e María Rosa Oliver foron dúas mulleres moi importantes na historia arxentina. Ambas son personaxes moi atractivas. Ocampo representa as contradicións femininas dunha muller intelixente e creativa de clase alta nos anos vinte. Tiña acceso a un nivel de vida e unha cultura que non tiñan as persoas das clases baixas, pero, paradoxalmente, estaba moi vixiada e moi limitada, e iso tiña que ver tamén coa súa condición social. Vivía nunha gaiola de ouro. Tanto é así que para lograr independizarse da súa familia paterna decidiu casar cun home que elixiu non por verdadeira afinidade, senón porque lle parecía un home atractivo e porque a voda supuña unha maneira de saír do círculo familiar tradicional.

É un pouco a ambigüidade. Victoria Ocampo tiña moi idealizado o mundo dos intelectuais —relacionouse con Ortega y Gasset, con Borges, con Hermann von Keyserling... — e despois se desilusionaba. E ao mesmo tempo non foi quen de defender o seu verdadeiro amor. Non foi capaz de defendelo de diante da súa familia, porque era deshonroso para o estatus familiar. Nesta novela inclúo un personaxe ficticio, pero crible, unha filóloga de orixe galega chamada Carmen Brey Moure que, tras rematar os estudos na universidade, chega a Arxentina e comeza a traballar para Victoria Ocampo como intérprete de Rabindranath Tagore. É unha muller menos privilexiada, da pequena burguesía, pero é máis libre e anímase a tentar outras cousas. Representa á futura muller intelectual, porque en principio, na Arxentina, as primeiras intelectuais, as primeiras que alcanzaron algunha relevancia intelectual, eran

todas de clase alta, xa que eran as que tiñan acceso á educación.

Co paso do tempo foi aparecendo unha muller de clase media que, pouco a pouco, accedía á universidade e se convertía nunha muller ilustrada que quería exercer distintas profesións. Empezaron a aparecer, xa no xx, sufraxistas que reclamaban o dereito ao voto e incluso temos unha muller, Julieta Lanteri, que se postulou, que se autopostulou, como candidata á presidencia. Como as mulleres non podían votar, pero si candidatar-se, seguramente porque a ninguén se lle ocorrera que algunha o ía facer, Lanteri decidiu presentarse á presidencia. É un caso precioso. Tivo bastantes votos, mesmo o dalgún dos intelectuais da época, como por exemplo o de Manuel Gálvez, un intelectual nacionalista e católico, que sen embargo a votou. A Gálvez, parecíalle que todos os políticos estaban tan corruptos que era hora de darlle o seu apoio a alguén novo. Lanteri morreu nun accidente moi sospeitoso. Suponse que puido ser asasinada, pois chegara a converterse nunha figura moi molesta. Foi unha das primeiras mulleres que tomou unha actitude política abertamente visible, moi contestataria, moi rebelde.

A: En *Árbol de familia*, unha novela construída por historias case independentes que teñen en común o feito de describir a membros dunha mesma familia, tamén hai moitas personaxes femininas. Aquí atopamos un personaxe moi particular, Felicidad, unha muller anónima e diferente que mantén unha relación afectiva cun mestre. Que simbolizan este tipo de personaxes?

RML: A maioría dos personaxes deste libro están baseados en persoas e feitos reais que teñen algo que ver coa miña propia familia. O caso de Felicidad é un pouco distinto, pois non hai relación clara con ningún familiar. Eu tiña unha tía avoa que se chamaba así, Felicidad, e que paradoxalmente era moi infeliz e quedou solteira. A través dese personaxe literario procuro falar da muller soa, da que non encaixa no medio, que está enfadada, que ten que facerse cargo dunha morea de irmáns e de sobriños e que ao mesmo tempo quere transcender o seu pequeno mundo, quere facer algo máis da súa vida. Comeza a traballar na casa do mestre, comeza a ler e cando el, que é homosexual e mantén unha relación clandestina con outro home, lle propón un matrimonio de conveniencia, aparentemente bo para os dous, Felicidad decide non aceptar. Non quere participar do mundo do engano e abandónao en busca doutra oportunidade, dunha vida verdadeira. É curiosa esta historia. Estiven en Toulouse hai moito tempo, e alí coñecín a algúns descendentes de socialistas e anarquistas españois. Fun á Sociedade de Republicanos e coñecín a unha profesora da universidade que

se chamaba Placer e decidín usar o seu nome, un nome ben típico dos anarquistas, para nomear a un dos fillos da Felicidad literaria. Tratábase de caracterizar a un personaxe que finalmente logra dar un rumbo autónomo a súa propia vida, saír do pequeno circuíto familiar e rural e construír o seu destino.

En realidade a fascinación co mestre ten moito que ver co que el representa, o acceso ao saber, o acceso á cultura. O mestre é un home diferente, un home que lle abre as portas a outro mundo. Quizais por iso, Felicidad atopa a carta onde descubre que el é homosexual dentro dun libro. Ao mesmo tempo é un home covarde, que non se decide a vivir con liberdade, que só pode ofrecer unha pantomima da vida. Está prisioneiro.

É un tema que tamén tratei na miña última novela, *Todos éramos hijos*. Tamén aquí aparece o tema da homosexualidade encuberta. Creo que tamén os homosexuais, tanto os gais como as lesbianas, foron grandes marxinaados. As lesbianas sufriron dobre marxinaación. Frik, a adolescente que protagoniza *Todos éramos hijos*, ten un compañeiro que é homosexual e con el reflexiona sobre o futuro, sobre como serán cando sexan maiores.

A: Como está a situación en Arxentina con respecto a este tema?

RML: En Arxentina, hai un respecto social crecente ante as sexualidades transgresoras. Desde hai moi poucos anos, temos unha lei de matrimonio igualitario que permite o enlace de persoas do mesmo sexo e a adopción por parte destas parellas. Contempla, ademais, os tratos denigrantes, os insultos e outros maltratos. É unha lei importante precisamente porque non é demasiado común nos países latinoamericanos.



Evidentemente queda camiño por andar, pero penso que hai unha postura social clara e decidida. Séguense dando moitos casos tristes. Inda non hai moito tempo en Bos Aires, en La Biela, un café moi coñecido, unha parella de mulleres bicouse e os responsables do café convidáronas a retirarse. Logo, a sociedade presionou e tiveron que pedir desculpas.

Un tema moi grave, moi serio, en Arxentina, é o da violencia contra as mulleres que se cobra todos os días unha nova vítima. A situación é incluso máis grave que aquí. Están aparecendo casos de varóns que tras ser abandonados polas súas parellas por violentos non soamente matan á súa excompañeira, senón tamén agriden á familia e incluso ás amigas. É terrible. Estamos tendo casos de moitísima violencia que están provocando *hashtags* como *Niunamenos* ou marchas multitudinarias de repulsa.

A: Atopamos algo de todo isto nas túas novelas?

RML: *A fin do mundo* está ambientada no que se chamou a etapa da Guerra de Fronteiras, entre os crioulos, descendentes dos españois, e os aborixes. Hai moita violencia nesa novela, onde as mulleres son, coma sempre, o botín das contendidas. Hai un chamán nomeado Mira máis lonxe que se esforza por aprenderlle medicina a súa protexida, unha galega, de Compostela, filla dun médico, que nunca tería podido exercer a medicina na súa terra. Xogo un pouco co papel que as mulleres tiñan na medicina tradicional e que non podían ter na medicina oficial. As mulleres quedaban relegadas ao papel da bruxería, non podían estudar nin exercer profesionalmente. Estaban por un lado os médicos e por outro lado, as bruxas, e era impensable que as mulleres

Estaban por un lado os médicos e por outro lado, as bruxas, e era impensable que as mulleres puidesen cruzar esa fronteira



puidesen cruzar esa fronteira. A vida seguía sendo aquí moi rixida nese sentido.

Cando o gran cacique ranquel Painé morre, o seu fillo e herdeiro decide que practicamente todas as mulleres adultas da comunidade, incluídas as esposas do cacique, coa soa excepción da súa propia nai, sexan executadas por bruxas. Mira máis lonxe salva á súa protexida, aínda que non pode impedir que maten ao resto. Os dous rexeitan esa terrible violencia. E ela, por outro lado, non deixa de lembrar que tamén en Europa e en España, en particular, as mulleres condenadas por bruxas non só eran asasinadas, senón que as mataban dunha maneira crudelísima, na fogueira.

A: Volvamos á literatura. Outro tema que parece importante nas túas novelas é o da maternidade. Non?

RML: Si, si. A maternidade para min sempre foi un tema moi complexo. Eu decidín ser nai, teño tres fillos, pero creo que inda hoxe, o tema da maternidade está moi afastado de toda a literatura e continúa habendo moita propaganda edulcorada sobre a maternidade. A maternidade ten unha grande ambivalencia, é unha situación de invasión dunha mesma por outro ser. Por un lado é unha experiencia realmente única de creación dun ser e iso é algo extraordinario, pero, por outro lado, é unha invasión. É outra persoa que está vivindo dentro dunha e isto mestura moito a sensación de poder coa de impotencia. As dúas cousas séntense á vez, simultaneamente. Unha muller é moito máis dependente, está moito máis desvalida fisicamente durante o embarazo, porque hai moitas cousas que non se poden facer. A liberdade restrínxese, pesamos máis, estamos grávidas, pesamos. E despois chegan o parto e o postparto, que son situacións únicas e complicadas. A lactación, que é algo dun contacto íntimo intenso e único, pero que ten tamén as súas consecuencias negativas a nivel corporal, a nivel físico.

A: Tamén reflexionan sobre isto os teus personaxes literarios?

RML: Hai un personaxe en *A fin do mundo*, a galega aprendiz de Mira máis lonxe que alí se chama Pregunta sempre e que a raíz dunha ferida perde o bebé que estaba esperando e a capacidade de concibir e que despois se vai converter nunha especie de médico, de chamán, que axuda a parir a outras mulleres e que cría aos fillos doutras e que ve en Elisabeth, a protagonista da novela, a esa filla que ela non puido ter.

No meu último libro, *Todos éramos hijos*, ambientado nun Bos Aires máis contemporáneo, nos anos setenta, no momento en que eu estaba vivindo a miña adolescencia tamén reflexiono sobre todo iso. Eu estudei nunha escola relixiosa pero progresista, onde asistíamos

rapazas de clase media, e moitas das miñas compañeiras despois seguiron estudando, foron á universidade. Formaron parte dunha xeración que en moitas cousas romperon co anterior, pero noutras inda eran vítimas do pasado. Lembro a unha das miñas compañeiras de curso que con 16 anos quedou embarazada e tivo que deixar os estudos e tivo que casar e como non podía casar de branco, porque estaba embarazada, casou cun vestido lila. Falamos do outro día, dos sesenta e dos setenta, case parece mentira.

Recordo a miña propia nai falando de que ter fillos era unha entrega, que despois de ter fillos unha tiña que pensar doutra maneira, xa non podía facer o que quería, e a miña pregunta como nena era e... para que tivo fillos, entón? Eu non quero entregarme así. Eu a min mesma me dicía, benvida ao club das malas madres! Era a exaltación da maternidade, pero da maternidade como un sacrificio, un sacrificio marabilloso, sublime... pero un gran sacrificio!!! E eu non quería sacrificarme. Iso recóllo despois nesta miña novela. Unha das protagonistas, unha rapaza de 16 anos, que é moi tímida, que o rapaz que lle gusta nunca mirou para ela e ela pensa eu non quero ser nai, para que quero eu ser nai, iso é moi difícil, non estou preparada, educar e dar a vida é moi difícil. Tento transmitir que a maternidade é complicada. Non é unha parvada. Non é iso que nos venden na televisión. A relación cun fillo é para toda a vida, non é unha relación como a de parella das que unha pode divorciarse. Cun fillo non existe esa posibilidade.

A: Nesta mesma novela abordas tamén o tema dos eclesiásticos, do peso da relixión.

RML: Os curas e as monxas desa época fanse preguntas, queren abolir o celibato, queren acabar coa dobre moral. O movemento de curas do terceiro mundo pensa que queren vivir sendo sacerdotes e tamén queren vivir coa muller que aman. Pregúntanse por que outras relixións poden e por que eles non. Hai un personaxe moi interesante neste sentido, Juan Aguirre, o Padre Aguirre, un cura novo que vive nun mundo masculino e vertical. Está namorado dunha profesora e reflexiona sobre todo isto. Sobre a paternidade. Séntese incómodo, inquieto e por momentos mesmo culpable. Vese a si mesmo como «pai» dos seus discípulos e «fillo» do arcebispo, do cardeal, do papa...

A: Pero non todo é ficción nas túas obras. No ano 2008 sorprendéchnos reflexionando nun interesante ensaio titulado *Los «gallegos» en el imaginario argentino: Literatura, sainete, prensa*. Cadrou a imaxe que tiñas de Galicia coa que che transmitiran na familia?

RML: Si e non. Foi unha sorpresa. Eu coñecía Galicia moi tarde, tiña 39 anos, vin por primeira vez no ano 1993. O meu pai era galego. A paisaxe que describía era



Leonor Beuter e Rosa María Lojo presentando *O libro das Seniguais e un único Senigal* na librería Lila de Lilith

unha paisaxe fermosa, as montañas, o Barbanza, unha comarca fermosa para quen vén a pasear, para quen vén a ver o mar e a montaña e a descansar, non para quen ten que traballar.

Eu atopei unha Galicia moito máis moderna que a que describía o meu pai, pero ao mesmo tempo enseguida percibín que conservara moitas das cousas tradicionais das que el me tiña falado. Cousas tradicionais, artísticas, que enseguida me atraparon, a arquitectura, os hórreos que decontado me gustaron. Por outro lado está a liberación das mulleres galegas, mulleres que traballan, que rexen as súas vidas.

A: Nas túas novelas, falas de Galicia, de cousas de Galicia, con total normalidade. Aludes á poesía de Rosalía de Castro ou á beleza dunha dorna de maneira espontánea e sen proporcionar ningún tipo de aclaración inda que publicas en Arxentina para lectores arxentinos. Como se entende isto?

RML: Como di Roberto Arlt: «Arxentina é a segunda patria do galego». É unha imaxe moi inusual a que dá este escritor, é un home de esquerdas, interesado no mundo do traballo e que nas *Aguafuertes gallegas*, o libro que escribe cando está aquí en Santiago, a cidade que menos lle gusta, dá unha imaxe moi forte da muller. El queda encantado coas mulleres da cidade e coas traballadoras de aquí. Veas como unhas mulleres que buscan a paridade cos homes. Unhas mulleres que son desenvoltas, que son activas e que desempeñan traballos duros, pero que ao mesmo tempo son femininas, sensibles, que se visten con esmero, até con delicadeza, son coquetas. Esta imaxe de Arlt é curiosa, porque non é a predominante. En Arxentina, en xeral, a imaxe dos ga-

legos é pobre, aínda que menos pobre e menos negativa que a imaxe que se ten en España nos Séculos de Ouro. En Arxentina existen estereotipos terribles. As mulleres galegas son bondadosas, pero non son intelixentes, son incluso feas, gordas, lentas..., moi diferentes ás mulleres que pinta Arlt. El aporta unha visión que non é a predominante no imaxinario arxentino, onde se ten unha imaxe pobre de Galicia, pobre como produtora de cultura, vese como unha sociedade rústica... A día de hoxe estes estereotipos inda dominan bastante en Arxentina e eu creo que a literatura pode romper e rematar con isto. Un caso curioso é o dun escritor contemporáneo como foi Julio Cortázar, vinculadoísimo coas elites intelectuais galegas en Arxentina, casado con Aurora Bernárdez, cuñado de Francisco Luis Bernárdez... coñecedor da elite galega que se movía entorno a reivindicación de Galicia, que tiña unha alta vida intelectual e creativa. Sen embargo, nas súas novelas, ese tipo de galegos non aparecen nunca, non existen. Están sempre os modelos convencionais, os porteiros, os conserxes de escola, os que traballan nun garaxe, a enfermeira... Nunca teñen un desenvolvemento de personaxes verdadeiramente complexos e que respondan a modelos reais, axústase aos estereotipos. Sorprende. Quizais non os incorporaba porque non os consideraba verosímiles no imaxinario bonaerense, no imaxinario arxentino non existía ese tipo de galego. Eu tento evitar isto.

A: Introduces con moita frecuencia mulleres galegas nas túas novelas, debemos entender que é algo plenamente consciente?

RML: Si, é algo plenamente consciente. Eu non coñecía a miña avoa paterna, que era a avoa galega. A quen

Eu aquí descubrín unhas mulleres que tiñan traballado como burras toda a súa vida, que se non eran fortes, se facían fortes, pois era iso ou morrer

si coñecín foi a nai da miña nai, que era de Castela, madrileña, así que a tradición galega vén directamente do meu pai, non é unha tradición transmitida por vía feminina. O que sucede é que o imaxinario galego é moi forte, que marca. A paisaxe, o traballo, o bosque... sela ás persoas. No caso do meu pai deixoulle unha marca indeleble. Lembraba moito á súa nai, de Rosa, que é a raíz, que está en *Árbol de familia*, o retrato da miña familia.

Eu aquí descubrín unhas mulleres que tiñan traballado como burras toda a súa vida, que se non eran fortes, se facían fortes, pois era iso ou morrer. A miña avoa, a miña avoa Rosa, por exemplo, foi unha muller forte, traballou moito, tiña diabetes e non puido tratala. Levo moito tempo transitando o camiño da novela histórica de maneira sistemática e con moito interese. Volvo repetir que non é froito da casualidade, é algo plenamente consciente. E en particular o mundo das mulleres. Mulleres como axentes históricos e como suxeitos históricos.

A: E, xa para rematar, falemos un pouco do libro que estás presentando en Galicia, *O libro das Seniguais e un único Senigual*. Un atractivo álbum ilustrado que editas primeiro en galego e no que traballas coa túa filla, que se encarga das ilustracións. É a primeira vez que traballades xuntas?

RML: En realidade, este traballo empezouno ela, a miña filla, Leonor. É foi unha historia preciosa, porque inverteuse a relación de poder. Foi ela, a miña filla, quen me pediu que escribise, que lle fixese a historia das Seniguais. Ela fixera o traballo creativo, fabricando as bonecas e o traballo visual.

Temos algún outro traballo xuntas. Un libro poético que se traduciu ao inglés, *Esperan la mañana verde*, para o que eu lle pedín a Leonor unha acuarela moi fermosa que ela tiña e que a min me parecía perfecta para ilustrar o libro, para a tapa. En *Bosque de ojos*, un libro que recompila todos os meus libros breves de poemas en prosa, hai tamén unha acuarela de Leonor, a da tapa. Temos outro traballo xuntas, un moi particular, sobre os santos populares. As ilustracións internas están feitas por Leonor e a tapa, que representa ao santo popular máis coñecido en Arxentina, que se chama o Gauchito Antonio Gil, un santo fóra da canonización eclesiástica

fóra do sistema, pero con moita clientela. Diso hai moito aquí tamén.

A: Entendemos que se pode facer unha lectura en clave feminista deste libro?

RML: Primeiro fago libro e despois póño-me a pensar sobre o que quixen dicir, o que quixen facer e o que saíu finalmente. En realidade o que hai aí é unha ruptura do molde habitual das relacións de xénero, porque non hai unha relación de poder entre os xéneros, nin dun nin doutro. Están nivelados e non están vinculados como no *mundo histórico* pola reprodución. Non hai control da reprodución, o Senigual busca o seu camiño coas libélulas e as Seniguais se reproducen elas mesmas cando o deciden colectivamente, coséndose. Hai unha autonomía e un xogo de beleza nos dous casos, é un xogo nas reproducións é un verdadeiro xogo estético. E unha aposta pola beleza da vida, en ambos casos, tanto as Seniguais que pertencen ao xénero feminino, como no do único Senigual que as veces logra unha visión de fermosura inusitada, diferente, pode ser un monstro, segundo quen o mire.

Elas son moitas fronte a un. É case como unha chiscadela de ruptura, porque sempre o universal é o masculino e o diferente, o subalterno e diferente, é feminino. Aquí non hai un subalterno, pero si un diferente. Esta é unha das claves de lectura deste libro.

É un libro para todas as idades. Non o pensamos, nin Leonor nin eu, como un libro para adultos ou para nenos. A verdade é que foi un traballo feito con absoluta liberdade, tamén ten algunhas chiscadelas sobre Borges, e ten algunhas alusións a Cortázar. Non o pensei no seu momento, pero está relacionado cos Cronopios. Porque a súa razón de ser é a singularidade da beleza, non hai outra, a beleza ao seu modo, ao seu modo particular, que pode non encaixar cos parámetros de beleza dos humanos nin ten por que.

A: A modo de despedida, Rosa, algunha mensaxe para as lectoras galegas?

RML: A min gústame pensar que dirixo a miñas obras a lectoras e lectores libres, que len e pensan. Eu non quero impoñer ningún discurso ou mensaxe. Procuo que o debate estea implícito na trama das novelas, as lectoras teñen que descubri-lo ou incluso elaboralo elas. Tento escribir «novelas para armar».

A: Moitas grazas Rosa, pola xenerosidade e pola lección de literatura e feminismo. ■

María Casares

Unha andaina vital

Na memoria de Carme Alvariño e da súa xenerosa francofilia

A cigarreira representa para a súa neta a xínea galaica da que se reivindica, mulleres independentes, libres e fortes



María Lopo ante María Casares na exposición «Vermellas»

MARÍA LOPO

María Victoria Casares Pérez naceu na Coruña o 21 de novembro de 1922, e faleceu o 22 de novembro de 1996 na súa casa de La Vergne, no concello francés de Alloue, na Charente francesa. Entre estas dúas datas, a nena Vitola converteuse na actriz exiliada María Casarès, unha das personalidades culturais máis importantes da Francia da segunda metade do século xx. Na súa complexa e vizosa andaina vital, moitas mulleres contribuíron á formación integral dunha figura que foi, á súa vez, exemplo para moitas creadoras; como non evocar aquí a unha moi nova Jean-

ne Moreau, que decidiu ser actriz cando viu en escena a María Casares encarnando a Deirdre no París ocupado de 1942. Tratábase do debut teatral da galega, con 19 anos e xa como protagonista, na adaptación que a compañía do Théâtre des Mathurins realizaba de *Deirdre of the sorrows*, obra do autor irlandés John Millington Synge.

María Casares escribiu na súa madurez un interesantísimo libro de memorias, *Résidente privilégiée* (1980), onde é fácil atopar a traza das mulleres que foron importantes na súa vida, entre elas, por suposto, as da súa familia ma-

terna. A actriz naceu no seo dunha das moitas sagas de obreiras da emblemática Fábrica de Tabacos da Palloza. A nai da súa nai, a avoa Pilar Pérez Corrales, chegou a ocupar nesta manufatura un posto de «mestra de labores», cualificado e de gran responsabilidade, e na documentación que se conserva no Fondo da Fábrica de Tabacos, depositado no Arquivo do Reino de Galicia, aparecen outras mulleres da familia Pérez Corrales, sen dúbida irmás de Pilar.

A avoa materna ocupa un lugar íntimo e simbólico fundamental no ima-



Monumento ás Cigarreiras (Praza da Palloza, A Coruña)



María Casares no colo da súa nai, Gloria (Arquivo do Reino de Galicia)



María Casares en *Orphée* (Jean Cocteau, 1949)

Esta presenza feminina foi certamente formadora para a adolescente que comezaba o seu exilio

xinario persoal da actriz. Solteira ou moi nova viúva, Pilar tivo tres fillos cun militar quen, á súa vez, mantería unha segunda familia oficial. A cigarreira representa para a súa neta a xínea galaica da que se reivindica, mulleres independentes, libres e fortes, nunha imaxe que sen dúbida vehicula elementos diversos, dende o mítico prototipo da muller celta, pasando pola personaxe de *La Tribuna* de Emilia Pardo Bazán —e sen dúbida tamén a Carmen de Mérimée— ata por suposto a transmisión da memoria oral materna. Pilar aínda vivía cando naceu a súa neta María Victoria.

Na visión da actriz, as barreiras sociais patriarcales non son insalvables para este seu arquetipo de muller galaica, idea confirmada pola vida da súa nai, Gloria Pérez Corrales, filla de Pilar. A modesta condición social de Gloria, de familia cigarreira e costureira ela mesma nunha sombreirería cando comeza o

seu noivado con Santiago Casares Quiroga —membro dunha das familias máis importantes da cidade—, foi causa de escándalo na Coruña dos anos dez. O seu destino, verdadeiramente excepcional, trae á escritura da filla a imaxe de Madame Bovary e das heroínas románticas protagonistas dos contos que a nai lle relataba. Muller de gran presenza e forza de carácter, o seu apoio, comprensión e amplitude de miras foron fundamentais para a filla, da que apenas se separou ao longo de toda a súa vida, e para quen a presenza cotiá da nai era vivida como algo natural. Gloria foi filla de cigarreira, obreira, muller de ministro e de presidente do Goberno de España, nai, exiliada nun país do cal descoñecía a lingua e onde volveu fregar o chan da súa casa; e foi tamén nai de artista, categoría materna dunha grande especialización. A súa capacidade de adaptación foi fundamental para a realización persoal da filla.

A casa exiliada en París foi, á imaxe de Gloria, unha casa acolledora e antifascista, onde outras mulleres perseguidas atoparon acubillo. Esta presenza feminina foi certamente formadora para a adolescente que comezaba o seu exilio. Citarei a dúas de entre estas mulleres, pola diversidade que representan.

A primeira, a mestra coruñesa María Amalia de la Fuente Abad. Amalia exerceu a docencia en Galicia e en Madrid, no Instituto-Escuela. Interesouse dende moi nova pola pedagogía máis avanzada do momento, realizando prácticas nos «Jardines de la Infancia», inspirados na metodoloxía de Friedrich Fröbel. Como tantas outras, Amalia formaba parte dese novo e esperanzador colectivo de mulleres formadas e formadoras apoiado pola República e tan duramente represaliado polo franquismo.

En febreiro de 1936, Amalia converteuse na secretaria particular oficial de Santiago Casares Quiroga, amigo persoal dos seus pais. Trala dimisión de Casares Quiroga, continuou traballando para o Goberno ata o momento de emprender o camiño do exilio, sendo acollida pola familia Casares en París. De saúde delicada, durante esta etapa parisiense traballou para o SERE (Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles), mais o empeoramento do seu estado decidiuna a regresar a España trala ocupación de Francia polo exército alemán, falecendo pouco tempo despois. O seu regreso foi difícil, pois nin a súa saúde nin a súa situación socioprofesional (depurada e expulsada do Maxisterio Nacional polas autorida-

A casa exiliada en París foi, á imaxe de Gloria, unha casa acolledora e antifascista, onde outras mulleres perseguidas atoparon acubillo



Amalia de la Fuente Abad (Arquivo de la Fuente)



Nina Reicyn (IMEC)

des fascistas) lle permitiron volver ter unha vida emancipada. A súa correspondencia familiar mostra o seu lúcido humor e a altura da súa dignidade e da súa valentía.

A segunda destas mulleres, Nina Reicyn, doutora en filosofía pola Universidade parisiense da Sorbona, pertencía a unha familia xudía rusa que se instalara en Francia fuxindo dos *pogroms* antisemitas. Foi unha das investigadoras pioneiras en deseñar a nova área da psicopedagogía da infancia, na confluencia da filosofía, da psicoloxía, da psiquiatría e da pedagogía; así, por exemplo, asistiu ao 1º Congreso Internacional de Psiquiatría Infantil, celebrado en París en 1937. A súa tese sobre a pedagogía de John Locke publicouse en 1941, mais tamén se interesou noutros dos seus escritos pola estética do debuxo infantil e a obra de Friedrich Nietzsche.

Os azares da Ocupación alemá fixeron que Gloria e María coñeceran a Nina, da que se farían moi amigas no verán de 1940, logo da fuxida *in extremis* de Santiago Casares a Inglaterra, onde viviría nun dobre exilio toda a segunda guerra mundial. Solidaria, Nina axudaba a adolescente María Casares a preparar os seus exames de filosofía do instituto. Solidarias, á súa vez, Gloria e

María acolleron a Nina na súa casa, onde durmía para escapar das redadas anti-semitas —nun principio só nocturnas— cando a presión nazi sobre as familias xudías deveu insuportable. Tal e como recolle a actriz nas súas memorias, Gloria estaba segura de que elas eran o refuxio ideal, porque ninguén podería imaxinar que una xudía se agochase na casa dunhas refuxiadas españolas en situación irregular. En momentos tan difíciles para todas elas, a solidariedade antifascista de dúas galegas refuxiadas é un exemplo de dignidade que cómpre non esquecer.

Mais Nina e a súa familia non puideron escapar ás redadas, xa masivas e diúrnas, de xullo de 1942. Deportada xunto á súa nai Sarah, o 18 de setembro de 1942, foi asasinada en Auschwitz, ao igual que outros trece membros da súa familia. María Casares nunca esqueceu a súa amiga, e conservou toda a súa vida un fermoso retrato dela. O seu xesto memorialístico permitiu que en 2016 a familia de Nina Reicyn recuperase esta fotografía, que hoxe está exposta nas casas dos seus descendentes directos e indirectos en París, Estrasburgo ou Santiago de Compostela.

A presenza viva de mulleres como Pilar, Gloria, Amalia e Nina no entorno

cotían de María, tanto en Galicia como en Madrid ou en París, foi sen dúbida determinante na súa propia vivencia dunha condición feminina aberta e plural, esixente e intelixente, loitadora e libre. Ese é o seu legado. Esa é a memoria muller que María Casares soubo, a través da súa creación artística, inscribir para sempre en feminino na vangarda europea do século xx. ■

Os datos utilizados na elaboración deste texto foron tomados das conversacións coa familia de Amalia de la Fuente na Coruña e coa familia de Nina Reicyn en París, así como das seguintes referencias bibliográficas:

CASARÈS, María: *Résidente privilégiée*, París, Fayard, 1998 (1ª ed. 1980).

FIGUERO, Javier, e Marie-Hélène CARBONEL: *María Casarès: L'étrangère*, París, Fayard, 2005.

LOPO, María: *Cartas no exilio. Correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares (1946-1949)*, A Coruña, Baía Edicións, 2008.

— *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016.

Era necesaria Tea Stilton?

«El club de Tea», cinco ratas que estudan na universidade onde Tea imparte aulas. Todas levan perrucas de cores e visten á última moda

MARÍA ARAÚJO PIRES
E PATRICIA ARIAS CHACHERO

Moitas mulleres con fillas de entre 6 e 12 anos coñecen a Gerónimo Stilton, un personaxe literario que ten chegado á gran pantalla e que se ten convertido en todo un heroe para moitas pequenas e pequenos. Este intrépido rato, xornalista de profesión, cuxas aventuras teñen sido traducidas a 35 linguas diferentes, leva protagonizado, desde o 2000, un total de 65 títulos distintos, aos que cómpre sumar 27 «libros especiais Gerónimo Stilton», 16 bandas deseña-

das e 22 títulos protagonizados polos personaxes da saga que son en realidade, *refritos* de obras clásicas da literatura infantil e xuvenil, como *Frankenstein*, *Gulliver*, *A volta ao mundo en 80 días*, *Sandokan* ou *Moby Dick*.

O éxito editorial do produto literario infantil e xuvenil é máis que evidente. Quizais precisamente por iso no ano 2008 a editorial lanzaba unha serie derivada dirixida expresamente ás nenas. Falamos da saga Tea Stilton. Tea é a irmá

de Gerónimo, pero os textos que nos ocupan están protagonizados polas admiradoras de Tea, membros de «El club de Tea», cinco ratas que estudan na universidade onde Tea imparte aulas.

Todas levan perrucas de cores e visten á última moda. Nas primeiras páxinas de cada volume —entre 9 e 20 euros— explicánnos as singularidades de cada unha. Atentas! A australiana Nicky sempre está de bo humor, adora a ecoloxía e padece claustrofobia, a francesa



Tea Stilton

MISTERIO, EN PARIS



Colette sente paixón pola roupa e os complementos, a chinesa Violet é a intelectual do grupo, pero abandona encantada os museos de París polas tendas de moda que prefiren ás súas amigas. Paulina, peruana, a científica, unha experta en ordenadores, e a Pamela, de Tanzania, encántalle cociñar e desexaría ser periodista deportiva, é a pacifista do grupo, non soporta as pelexas nin as discusións. E os defectos das mozas? Pamela é impulsiva, Colette sempre chega tarde, Paulina é tímida, Nicky non pode estar quieta nin un minuto, Violet non soporta que lle tomen o pelo.

Falamos dun total de 28 libros, 6 «libros especiais», 4 bandas deseñadas e

24 títulos máis. Volumes facilmente localizables en calquera librería polo ton rosa violento no que están impresos. Con frecuencia, inclúen pequenos regalos para as xoves lectoras como pulseiras de goma, cadernos con test ou coleccións de receitas. Por tras das tapas, cada volume trae debuxada a maleta aberta coa roupa que levan nas diversas viaxes que as ratas emprenden. Unha amiga que as convida a ir á escola de moda de París, outra que lles propón ver a rodaxe dunha película en Holliwood... e alá vai a alegre panda!

As aventuras entran dentro do esperable, roubos, desaparicións e todo tipo de misterios... O que non resulta tan esperable é a importancia que se con-

[...] e uns horribles test, nos que a pequena lectora pode concluír se é atrevida ou tímida, a cal das chicas do club se parece máis, se é boa amiga ou se é nerviosa ou tranquila

cede a cuestións como a decoración, a roupa e mesmo a linguaxe, ao noso modo de ver, excesivamente afectada e un tanto forzada.

Ao final de cada libro, un apartado con sinxelas receitas de cociña, manualidades, consellos para estar ben hidratada, para estar en forma, para coidar as mascotas... e uns horribles test —semellantes a aqueles que antano ofrecían publicacións como a revista *Superpop*—, nos que a pequena lectora pode concluír se é atrevida ou tímida, a cal das chicas do club se parece máis, se é boa amiga ou se é nerviosa ou tranquila. En fin!

Sorprende o contido que envolve estes volumes. Especialmente cando pensamos que as nenas que, literalmente, os devoran, son iso, nenas, de 7, 8 ou 9 anos, ás que se lles ofrece unha visión da realidade, cando menos, deformada. ■



«O corte»

Maryam Sheikh Abdi,
tomado do libro de Bridget Christie:
Un libro para ellas, Barcelona, Anagrama,
2017, no apéndice tres.

TRADUCIÓN, FELICIA ESTÉVEZ

Eu só tiña seis anos
cando me conduciron ao interior do bosque
como quen vai camiño do matadoiro
Demasiado nova para saber que implicaba todo aquilo,
achegueime con desgana ás mulleres que me
esperaban.

No máis profundo do meu ser latexaba o desexo de que me
cortasen,

pois a dor era o meu destino:
tal é o prezo da feminidade,
iso dixéranmo sempre.

Aínda así, estaba morta de medo...,
mais non podía deixar que se me notase.

As mulleres falaban en voz baixa,
concentradas en cumprir co seu cometido.
Estaba a que nos suxeitaría o torso,
que debía ser forte para reternos no chan.
Pernas e mans tamén tiñan cada unha a súa
gardiá,
que debían saber o que facían
para que non nos zafasemos e fuxisemos á carreira.

Primeiro cortaron a máis vella das rapazas
e tras ela todas as demais.
Famosa pola miña timidez, eu estaba entre as seis
últimas.

Tremaba de pés a cabeza, tiña ganas de vomitar;
a espera facíase longa,
a expectativa da dor demasiado intensa,
pero debía esperar a miña quenda.
O corazón latexábame con forza,
afogando todos os sons,
agás os alaridos das rapazas,
pois ese era tamén o meu fado.

Finalmente chegou a miña quenda, e unha das mulleres
chiscoume o ollo e díxome:

«Ven aquí, rapaza», cun sorriso cruel.
«Non serás a primeira nin a última,
mais só tes esta oportunidade para demostrar que
es valente».

Espiume. Púxoseme a carne de galiña.
Sopraba un vento frío que enviaba sinais de
advertencia

a todo o meu corpo. Custábame respirar, e a cabeza
dábame voltas mentres me levaban da man.

Obediente, sentei entre as pernas da muller
que me suxeitaria o abdome,
e cada unha das outras catro
agarrroume dunha extremidade.
Fixéronme abrir as pernas, que suxeitaron con firmeza.
E á sombra dunha árbore...
a cortadora empezou o seu traballo...
A lembranza da dor
segue sendo moi vívida,
décadas despois de telo sufrido.
Deus, foi espantoso!

Chorei e berrei ata quedar sen folgos.
Quedei sen voz e os berros non saían da miña boca.
Retorcínme mentres unha dor atroz desgarraba
a miña carne tenra.
«Suxeitádea!» berrou a maldita cortadora,
e a máis corpulenta das mulleres sentou no meu
peito.
Non podía respirar, pero ninguén
me escoitaba.
Despois os meus berros foron apagándose, e todo voltou
negro.
Mentres perdía o coñecemento, oía as mulleres
rindo,
burlándose da miña covardía.

Deberon pasar varias horas ata que espertei
a unha realidade horríbel.
A dor era insoportábel!
Devorábame por dentro, e cada palmo do meu corpo
infantil latexaba de dor.
As mulleres intercambiaban miradas
e falaban sen disimulo de como se me coñecería en
diante,
coma unha covarde que se desmaiara mentres
a cortaban.
Allahu Akbar!, exclamaban mentres me criticaban.

Mirei cara abaixo e déronme unha labazada.
«Non mires, covarde», dixo a cortadora;
despois ordenou ás mulleres que botasen area quente
sobre os meus xenitais en carne viva.
O meu precioso sangue manou a cachón, espumando.
«Abre», ordenou a muller con malos modos,
mentres me botaba area.

Nada do que facían aliviaba a dor.

«Ja! Como parirás?», mofouse
a do sorriso cruel.
Eu tremaba e mordía o beizo inferior.

Abaneábame cara adiante, cara atrás e a ambos lados,
retorcéndome de dor.

«Esta non me traerá senón vergonza!» exclamou a
cortadora.

«Fixádevos canto se moveu, así como vai
curar?»

A miña irmá estaba avergoñada, pero recoñecín
a dor nos seus ollos...

Quizais estivese lembrando o seu propio suplicio.
Levoume axiña ata a cabana.

O sangue rezumaba e manaba. Paxaros limpadores
voaban en círculos e pousaban nas árbores próximas.

«*Ish, Ish*», axotábanos as mulleres.

E durante todo ese tempo a dor seguía vindo en
oleadas,
cada unha máis intensa cá anterior.

As mulleres fixéronos erguer mais
advertíronnos
que non debiamos separar as pernas.
Limparon a area sanguinolenta das nosas coxas
e pequenas nádegas,
e despois voltaron a deixarnos sentadas.
Excavaron un burato no chan
e mallaron *malmal*, a herba pao.
As cordas para atarnos as pernas estaban preparadas.
Trouxeron carbón e puxérono no burato
no que había merda seca de burro e moitas herbas
a parafernalia da cortadora.

Botaron as herbas enriba do carbón
e fixéronnos sentar ao carricho sobre o burato.
Mentres o fume subía ao meu redor,
escoitaba o sangue gotear sobre o carbón,
levantando máis fumareda.

A dor empezaba a remitir un pouco,
mais sentíame débil e mareada.

«Non estará perdendo sangue?», preguntou a miña
irmá, preocupada.

«Non, non. Parará en canto lle poña as herbas»,
contestou a cortadora con impaciencia.

Puxéronme a pasta do *malmal* alí onde antes
estiveran os meus labios vaxiniais,
e despois envolvéronme desde as coxas ata os
nocellos

con cordas moi resistentes feitas de pel de
camelo.

Trouxeron un bastón longo e as mulleres fixeron quendas
para nos ensinar a camiñar, sentar e
erguer.



Dixeron que non debiamos inclinarnos nin separar as pernas.

«Así curaredes máis á présa», dixeron, pero o que realmente pretendían era que a abertura quedase fechada.

As primeiras gotas de ouriños, máis abrasadoras cá coitela, caeron a modiño, pouco a pouco, unha gotiña tras outra, estando eu tumbada de lado. Non podía lavarme nin secarme, e a queimura persistiu durante horas. Mais non fixen de ventre... polo menos que eu lembre.

Ao longo do mes seguinte esa foi a miña vida. Non podiamos comer nada que levase aceite, nin tampouco verduras ou carne. A miña ración de comida diaria consistía en leite e *ugali*¹ Só me permitían beber grolíños de auga, para non «mollar» a ferida, dicían, pois iso retrasaría a recuperación.

¹ Masa elaborada con fariña de millo que constitúe un alimento básico no leste do continente africano.

Nosoutras pasabamos o día no bosque. A viaxe de volta a casa empezaba a iso das catro e ás veces remataba ás sete. Durante todo ese tempo debiamos soportar a calor e camiñar arrastrando os pés descalzos ata casa sen beber nin gota de auga, por suposto. Non debiamos inclinarnos se cravabamos unha espiña, nin pedir auxilio en voz alta, iso nunca, pois de facérmolo, «abririá» e daquela terían que voltar a chamar a cortadora. Todo se reducía a normas e prohibicións, cada unha máis temíbel.

Ao longo das seguintes catro semanas permanecín alí coas outras cinco nenas. Ningunha de nós se bañou; entre a nosa roupa e a pel instaláronse piollos que nos trababan e proían día e noite. Non había forma de librarnos deles, non ata que tivesemos curado.

O río quedaba a só un quilómetro de distancia. Pola mañá, a brisa traía o doce recendo das súas augas ata nós, agudizando a nosa sede.

O día que chamaron a cortadora de novo, todas nós trememos e rezamos en silencio para que non tivesen que voltar a cortarnos.

Grazas a Deus estabamos todas listas, agás unha desafortunada rapaza que houbo pasar outra vez por todo aquilo e tardou meses en recuperarse.

Afeitáronnos a cabeza. Liberáronnos das cordas, e con elas dos piollos, por fin. Bañáronnos e untáronnos a pel con aceite, pero o máis importante de todo foi que nos deixaron beber auga. Eu bebín ata que non me cabía nin unha gota máis no estómago, pero a miña boca e a miña gorxa seguían pedindo máis.

Rematara. As cordas deixáranme marcas nas coxas, salpicadas de chagas provocadas polos piollos. Agora debía coidarme, para asegurarme de que todo permanecese intacto ata o día que casase. ■



anda!na

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro

Praza do Libro, 12

Librería Xiada

Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume

Rúa Fernando Macías

Santiago

Librería Couceiro

Praza de Cervantes, 6

Librería Pedreira

Rúa do Home Santo, 55

Lila de Lilith. Rúa Travesa, 7

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Pontevedra

Librería Michelena

Rúa Michelena, 22

Librería Paz. Peregrina, 29

Lugo

Librería Trama

Avd. da Coruña, 21
(galerías)

As Letras Galegas de 2018 estarán dedicadas a María Victoria Moreno Márquez. En cincuenta e cinco anos esta será a cuarta vez que o evento leve nome de muller. As precedentes: Rosalía de Castro, inaugurando a listaxe en 1963, Herrera Garrido en 1987 e María Mariño, xusto vinte anos despois.

Como autora de literatura infantil e xuvenil asinou un dos títulos máis vendidos das nosas letras, *Anagnórise* (1988), relato dunha viaxe en coche que xunta por accidente a un adolescente e unha muller madura que teñen en común moito máis do que nun principio sospeitan. A autora prefería *Leonardo e os fontaneiros* (1986), quizais porque con el gañou o prestixioso premio Barco de Vapor ou talvez porque se trataba dun texto dirixido a nenas e nenos algo máis pequenos, que reflicte con mestría e realismo as vivencias dun cativo de 13 anos, un mozo esperto, traste e sensible, que se encariña dun can vagabundo que morrerá nos seus brazos.

María Victoria Moreno

Outros títulos relevantes neste eido foron a súa primeira publicación, *Mar adiante* (Historia de nenos pra nenos) (1973), *O cataventos* (1989), *Guedellas de seda e liño* (1999) ou *Eu conto, ti cantas* (2005), que chegou ás librerías apenas unha semana antes do pasamento da escritora.

Ante todo, M.^a Victoria Moreno foi unha mestra, unha gran mestra, segundo o parecer de moitas das súas alumnas e alumnos, a académica Rosario Álvarez ou a escritora Fina Casalderrey, entre elas. Comezou cedo no mundo da docencia, cando apenas tiña 23 anos. En 1965, aprobou a oposición e logrou unha praza no Instituto Masculino de Lugo, en cuxo departamento de Lingua e Literatura Castelá cadraría co profesor Alonso Montero, letraferido comprometido, quen, con toda probabilidade, influíu de maneira decisiva na militancia lingüística da nova docente. A partir de entón, M.^a Victoria, que nacera en Valencia de Alcántara, na provincia de Cáceres, e estudara en Madrid e Barcelona, faría do galego a súa lingua, tanto na escrita como na fala.

En Lugo coñeceu tamén a Xesús Rábade Paredes a quen impartiu aulas e a quen animou a escribir. Ambos participaron do activo mundo cultural que se xeraba na cidade naquela altura e, pouco despois, a profesora prologou o primeiro poemario do poeta, *Xuntos cara ó mañán* (Edicións Celta, Lugo, 1969). Andando o tempo, ambos elaboraron *Literatura século XX. Iniciación universitaria* (1985), volume didáctico esencial para achegarse ao período.



Outra mostra do seu inquebrantable compromiso lingüístico pode ser o feito de que en 1969 presentase *Alcores de Donavar* ao prestixioso premio do Café Gijón, onde quedou entre os catro finalistas. O texto, en castelán, permaneceu inédito até o 2009, cando Xavier Senín o deu ao prelo, traducido como *Onde o aire non era brisa*.

Recoller e ondear a bandeira da lingua naqueles primeiros anos tróuxolle ben de problemas, mesmo a retirada do pasaporte. Entre 1971 e 1974 impartiu clases non autorizadas de lingua na Asociación de Amigos da Cultura de Pontevedra e entre 1973 e 1975 fixo o propio, sempre de forma desinteresada, tanto en Vilagarcía de Arousa como no Ateneo de Ourense. Moito tempo despois, en 2003, no pregón en verso que leu na Feira do Libro de Pontevedra, afirmou valente: «Con Cervantes, Federico / e Miguel o de Orihuela / falareivos da liberdade / e, contra vento e marea, / enfrenteime coa censura / para dicirvos que era / un dereito inalienable / falar na lingua galega.»

Instalada definitivamente en Pontevedra, a escritora impartiu aulas no ies Valle-Inclán e no Torrente Ballester, onde se xubilou e onde, na actualidade, se custodian os algo máis de 5000 libros que legou á biblioteca do centro.

Morreu dun cancro de mama, experiencia terrible que relatou nun volume excepcional titulado *Diario da luz e a sombra* (2004). Preparado durante un período longo de tempo, recolle en 15 capítulos, as vivencias ao redor da enfermidade e o tratamento de quimioterapia. Imprimiuse combinando letra normal e itálica e foi dado ao prelo no «punto que os oncólogos chaman estado de remisión». Apenas un ano despois, a escritora falecería.

Trátase dun texto valente, redactado por unha persoa con ganas de vivir e con moita capacidade para gozar dos pequenos presentes que lle vai proporcionando o día a día. Moreno escribe sen recrearse no dramatismo, escribe para compartir, para describir estados de ánimo, medos e esperanzas. Móstrasenos como unha muller intelixente e teimuda, terriblemente modesta que acepta o cancro —a «pupa cabrona», nas súas palabras—, para que quen veña detrás dela poda servirse da súa experiencia. ■